

MODELO DE PREGO

CONTRATO (NON HARMONIZADO) DE OBRAS DE EDIFICACION

Obra: **Rehabilitación da Casa da Pescadería para albergue de peregrinos en BETANZOS (A
Coruña)**

Código do contrato: **XACO100105**

Data de revisión: Xaneiro 2010

Informado favorablemente pola Asesoría

Xurídica de SPI



ÍNDICE

A. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- a) *CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.*
- b) *CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE*

C. PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES

1. *OBXECTO*
2. *RÉXIME XURÍDICO*
3. *DOCUMENTACIÓN QUE SE LLES FACILITARÁ ÓS LICITADORES*
4. *PRESUPOSTO E PRAZO EXECUCIÓN*
5. *DISPOSICIÓNS XERAIS*
6. *CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS*
7. *APERTURA, EXAME OFERTAS E ADXUDICACIÓN*
8. *FORMALIZACIÓN DO CONTRATO*
9. *DISPOSICIÓNS ADICIONAIS*

ANEXOS:

- Nº1: *MODELO DE DECLARACIÓN*
- Nº2: *MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA*
- Nº3: *MODELO DE AVAL DEFINITIVO*
- Nº4: *REQUISITOS FUNDAMENTAIS DO CONTRATO DE SEGUROS*



A. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A. (S.P.I. Galicia, S.A.)

Praza Europa 10-A, 5º. Edificio Área Central. DP: 15707. Santiago de Compostela.

Tfno. 981.545.013 / Fax. 981.545.095.

PROMOTOR:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura e Turismo (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo)

FORMA, PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN DE ADXUDICACIÓN:

Procedemento	Aberto <input checked="" type="checkbox"/>	Non harmonizado <input checked="" type="checkbox"/>
Forma de adxudicación	Contrato <input checked="" type="checkbox"/>	
Tramitación	Ordinaria <input checked="" type="checkbox"/>	Urxente <input type="checkbox"/>

OBXECTO DO CONTRATO:

Obra Edificación

Rehabilitación da Casa da Pescadería para albergue de peregrinos en BETANZOS (A Coruña)

CÓDIGO DO CONTRATO: XACO100105

Data do mandato: 25/3/2010

ADMISIÓN DE VARIANTES:

Sí **Non**

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

Valor estimado (16% IVE excluído)	I.V.E. (16 %)	Orzamento Total
401.064,98 €	64.170,40 €	465.235,38 €

PRAZO DE EXECUCIÓN DE LICITACIÓN:

10 Meses

ANUALIDADES:

	2010	2011	2012	2013
Presuposto	240.638,99 €	160.425,99 €	0,00 €	0,00 €
I.V.E.	38.502,24 €	25.668,16 €	0,00 €	0,00 €
Total	279.141,23 €	186.094,15 €	0,00 €	0,00 €

GARANTÍA PROVISIONAL:

Non se esixe

GARANTÍA DEFINITIVA:

5% do presuposto de adxudicación (Sen IVE)

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Segundo o punto B deste Prego

PRAZO DE GARANTÍA:

1 ano

PAGAMENTO



Réxime de pagamento: *Certificacións mensuais a conta segundo as unidades de obra executadas.*

Revisión de prezos: *Fórmula nº: Non procede*

$K_t = 0$

SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

a) Clasificación do contratista

Grupo	Subgrupo	Categoría
C	2	d

CONTROL DE CALIDADE

O contratista está obrigado a efectuar, á súa conta, tódolos ensaios e probas requiridos pola normativa de aplicación (PG-3, EHE,.....) e no Prego de Prescricións Técnicas Particulares do Proxecto de Construcción correspondente.

GASTOS DE ENSAIOS DE VERIFICACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA (SEN IVE)

A realización de ensaios de contraste e verificación que puidese ordenar a Dirección de Obra serán a conta do contratista ata a porcentaxe máxima do 1% do orzamento de execución material de licitación, agás que o licitador oferte unha porcentaxe maior como mellora na súa oferta.

OUTRAS OBSERVACIÓNS

PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS: *Ata 12:00 horas do 13 de maio de 2010*

APERTURA DE PROPOSTAS ECONÓMICAS E DE PRAZO: *Ás 10:00 horas do 15 de xuño de 2010*



B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato de execución de obras, serán os seguintes:

- Oferta técnica. (Criterios non avaliados automaticamente).
- Oferta económica. (Criterios avaliados automaticamente).

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

a) **Oferta técnica..... ata 50 puntos**

A valoración das distintas ofertas admitidas no concurso realizarase tendo en conta:

1. Programa de traballos ata 17 puntos

Puntuarase tendo en conta a idoneidade do programa de traballos en relación a súa fiabilidade, coa composición dos equipos de maquinaria, materiais e medios adscritos para o cumprimento do prazo proposto en cada unha das ofertas recibidas, segundo establecido nos parágrafos 6.2.1 a 6.2.5 deste Prego e coas seguintes valoracións máximas parciais para cada un dos seguintes aspectos:

CONCEPTO		VT máx
1.1	<i>Detalle e xustificación do programa de traballos</i>	3
1.2	<i>Memoria descriptiva do proceso de execución</i>	2
1.3	<i>Maquinaria e instalacións auxiliares</i>	2
1.4	<i>Procedencia proposta de materiais</i>	2
1.5	<i>Propostas de subcontratación</i>	2
1.6	<i>Idoneidade das actividades consideradas</i>	2
1.7	<i>Reducción e fiabilidade do prazo de execución ofertado</i>	2
1.8	<i>Taboas e gráficos de inversións acordadas co programa</i>	2

2. Estructura organizativa ata 8 puntos

Neste apartado valorarase a estrutura organizativa proposta, segundo establecido no parágrafo 6.2.6 deste Prego, do equipo técnico destinado á obra obxecto do concurso para cada unha das actividades e fases da obra descritas no proceso constructivo do programa de traballos proposto de forma comparativa entre os licitadores.



CONCEPTO		VT máx
2.1	<i>Cualificación do equipo directivo adscrito a execución da obra</i>	3
2.2	<i>Cualificación do resto do equipo técnico adscrito a execución da obra</i>	3
2.3	<i>Estructura organizativa e funcións a desenrolar</i>	2

3. Informes e compromisos adicionais ata 7 puntos

Valoraranse neste apartado o análise da viabilidade do proxecto, compromisos adicionais e oferta de melloras tecnolóxicas susceptibles de proporcionar un valor engadido adicional á oferta técnica segundo o contemplado nos parágrafos 6.2.10 e 6.2.11 deste Prego.

CONCEPTO		VT máx
3.1	<i>Melloras tecnolóxicas propostas para a execución das obras.</i>	5
3.2	<i>Análise da viabilidade do proxecto</i>	2

4. Calidade da execución ata 6 puntos

Terase en conta o contido de cada unha das ofertas respecto á valoración e contido do plano de control da calidade segundo establecido no parágrafo 6.2.7 deste Prego.

CONCEPTO		VT máx
4.1	<i>Procedementos de aseguramento da calidade para a concreta execución da obra</i>	3
4.2	<i>Importe a empregar no plano de control de calidade</i>	3

5. Prevención de riscos laborais ata 6 puntos

Neste apartado valorarase a organización, melloras no estudio de seguridade e saúde en relación co proceso constructivo e xestión de emerxencias segundo establecido no parágrafo 6.2.8 deste Prego.

CONCEPTO		VT máx
5.1	<i>Análise do Estudio de Seguridade do proxecto</i>	4
5.2	<i>Organización interna para a prevención de riscos na execución da obra.</i>	2



6. Actuacións medioambientais ata 6 puntos

Medidas internas de xestión medioambiental e programa de actuación de vixilancia ambiental para o proceso de execución das obras segundo o requirido no parágrafo 6.2.9 deste Prego.

CONCEPTO		VT máx
6.1	<i>Medidas internas de xestión medioambiental aplicables para a concreta execución da obra.</i>	3
6.2	<i>Programa de actuación de vixilancia ambiental para a concreta execución da obra.</i>	3

Da valoración **VT_i** das ofertas técnicas obtida deste xeito obteráse a puntuación técnica **PT_i** de cada unha delas segundo a seguinte fórmula, redondeándose ó segundo decimal:

$$PT_i = VT_i + \{ 50 - VT_{máx} \}$$

A puntuación técnica mínima para poder optar á adxudicación será de vinte (20) puntos.

As ofertas con puntuación inferior a este valor consideraránse tecnicamente inaceptables e non serán obxecto de apertura económica polo que, no caso de non existir ofertas con puntuación superior procederase a declarar deserta a convocatoria.

b) Oferta económica..... ata 50 puntos

As puntuacións **PE** das ofertas económicas obteranse segundo o seguinte proceso:

1. Cálculo da baixa media BM:

- A baixa media **BM** é a media aritmética das baixas **B_i** ofertadas por tódolos licitadores admitidos, expresada en porcentaxe sobre o orzamento de licitación.
- Para o cálculo da baixa media, ós efectos da súa avaliación económica, no caso de presentación en distintas ofertas de empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial tan só será considerada a máis económica entre as que se atopen neste suposto por cada grupo empresarial.



- No caso de presentación de unións temporais de empresas onde algún(s) dos empresarios estea(n) no suposto anterior, dita UTE será considerada vinculada no caso de que a participación total na UTE de empresarios “non vinculados”, sexa inferior á de empresarios “vinculados”.

2. Cálculo da baixa de referencia BR:

- Cando o número de licitadores (**n**) sexa menor de cinco (**n** < 5), a baixa de referencia a considerar será a devandita baixa media de tódolos licitadores (**BR = BM**).
- Nos restantes casos (**n** ≥ 5) determinarase a “desviación típica” das baixas ofertadas (tendo en conta o establecido nos parágrafos 2º e 3º do punto precedente), obtida mediante a seguinte fórmula:

$$\sigma = \left\{ \left(\sum (\mathbf{Bi})^2 - n (\mathbf{BM})^2 \right) / n \right\}^{1/2}$$

- Entre tódalas ofertas elixiranse aquelas con baixas comprendidas no intervalo da baixa media ± a desviación típica:

$$(\mathbf{BM} - \sigma) \leq \mathbf{Bi} \leq (\mathbf{BM} + \sigma)$$

A baixa de referencia **BR** e a media aritmética das baixas **Bi** que cumpran a condición anterior.

3. Baixas desproporcionadas ou temerarias:

- Consideraranse ofertas incursas en presunción de anormalidade polo seu baixo importe aquelas con baixas **Bi** que superen en un punto porcentual o valor da baixa de referencia **BR**, calculada según o procedemento descrito no punto anterior.
- Se unha oferta resulta incursa en presunción de anormalidade polo seu baixo importe, a Mesa de Contratación recabará, vía telefax/correo electrónico, a información necesaria para que poida estar en disposición de determinar si certamente a oferta resulta anormalmente baixa en relación coa prestación e, por elo, debe ser rexeitada ou, no caso contrario, dita oferta non resulta anormalmente baixa e debe ser tida en conta para a adxudicación da obra. Para elo, a Mesa de Contratación solicitará, por escrito, as precisións que estime oportunas sobre a composición da citada oferta económica e as súas xustificacións.



- O licitador disporá dun prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados dende o día no que reciba a solicitude, para presentar as súas xustificacións tamén por escrito. Se transcorrido este prazo a Mesa de Contratación non recibira ditas xustificacións, considerarase que a proposición non poderá ser cumprida e, polo tanto, a empresa ofertante quedará excluída como candidata á adxudicación.
- Se, no caso contrario, se recibiran en prazo as citadas xustificacións, a Mesa de Contratación decidirá, despois de analízalas, ben a admisión da oferta contando con ela a tódolos efectos para resolver o que proceda en relación coa adxudicación do contrato, ou ben seu rexeitamento. En todo caso, este feito non modificará os cálculos xa realizados para determinar o valor da baixa de referencia **BR**.

4. Puntuación das ofertas económicas:

As puntuacións **PE** das ofertas económicas obteranse segundo a seguinte fórmula, redondeándose ó segundo decimal:

$$PE_i = 50 \times \{B_i / B_e\}^{1/4}$$

Sendo:

B_i = porcentaxe de baixa da oferta avaliada.

B_e = porcentaxe de baixa da oferta mais económica admitida.

Para aplicar dita fórmula, enténdese por baixa de unha oferta, a diferenza entre o presuposto base de licitación (IVE excluído) e o importe da oferta correspondente (IVE excluído), expresado en tanto por cento.

Considérase como oferta mais económica, a mais baixa das admitidas, sempre que supere o umbral mínimo de puntuación técnica establecido e que non fora rexeitada por presentar valores anormais ou desproporcionados.

A valoración económica final **PE_i** de cada oferta redondearase ó segundo decimal.

C. PREGO DE BASES

1.- OBXECTO

O obxecto deste Prego de Bases é a regulamentación do Contrato de obra de edificación non suxeita a regulación harmonizada para a adxudicación, por parte da empresa SPI Galicia, S.A., actuando por conta e mandato da Xunta de Galicia, do contrato correspondente ó proxecto sinalado na folla de especificacións da licitación.

O presente Prego (modelo) aplícase as licitacións de obra construción que non están suxeitos a regulación Harmonizada de acordo co artigo 175 do Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

O presente contrato refírese a unha obra completa.

2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O contrato a que se refire o seguinte prego e un contrato privado. En consecuencia rexeráse, en canto o a súa preparación e adxudicación, polas Instrucións Internas da sociedade, polo presente prego, e no seu defecto, pola lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado.

En canto os seus efectos e extinción, este contrato, ademais do disposto no prego e no contrato tipo rexeráse polo dereito privado, supletoriamente aplicaranse as disposicións contempladas para o presente tipo de contrato na LCSP e normativa regulamentaria.

No referente a execución material das obras son preceptivas as normas estatais e autonómicas que regulan a execución de obras de edificación en Galicia.

3.- DOCUMENTACIÓN QUE SE LLES FACILITARÁ ÓS LICITADORES

Dende o día da publicación do anuncio do concurso, as empresas interesadas terán ó seu dispor nas oficinas de SPI - Galicia, S.A., Praza de Europa, Área Central nº 10 A 5º andar, 15703,



Santiago de Compostela, entre as 10 e as 14 horas de luns a venres (agás festivos), o proxecto e a documentación pola que se rexerá o presente contrato.

A devandita documentación incluírá os seguintes documentos:

- ❖ Prego de Bases.
- ❖ Proxecto da obra.
- ❖ Contrato tipo.

As prescricións técnicas recollidas no documento de aprobación do proxecto, se as houberse, modifican e prevalecen sobre as condicións técnicas que serviron de base para a súa redacción.

As copias da expresada documentación poderán ser recollidas polos licitadores no lugar que se indique sendo os custos das copias por conta deles.

PERFIL DE CONTRATANTE: No perfil de contratante de SPI-Galicia, S.A., publicarase a licitación (Aparte de outros medios de comunicación que SPI-Galicia, S.A. decida publicar ó anuncio de licitación), as datas das aperturas públicas e as suas posibles modificacións, as diferentes aperturas feitas pola Mesa de Contratación coas suas incidencias, a adxudicación definitiva e calquer outro dato e información referente o presente contrato en www.spigalicia.es.

4.-PRESUPOSTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

4.1 Presuposto do Contrato

4.1.1 O importe do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo orzamento base de licitación e **non será, en caso ningún, superior á unidade**.

A estes efectos o orzamento aprobado é o que figura na folla de especificacións da licitación.

Entenderase que o orzamento base de licitación inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

4.1.2 Tanto no importe ou orzamento como nos prezos unitarios entenderanse incluídos sen que a relación que segue sexa limitativa, senón meramente enunciativa:

- Os gastos e impostos, arbitrios ou taxas por motivo do contrato e da execución da obra.
- Os gastos que lle orixinen ó contratista o replanteo, programación, proxecto executivo, de recoñecemento e ensaios, control de materiais, control de execución, probas, recepción e liquidación da obra.
- Gastos de permisos ou licencias propios do contratista necesarios para a execución das obras, a excepción das correspondentes expropiacións e servizos afectados.
- Os gastos pola compra e colocación do cartel anunciador da obra segundo o modelo que indique SPI Galicia.
- Os gastos de realización dunha ortofoto da zona afectada polas obras, antes e despois das mesmas.
- A conservación da obra durante a súa execución e durante o prazo de garantía.
- Gastos correspondentes as plantas, instalacións e medios auxiliares e equipos de maquinaria.
- Gastos de instalación e retirada de toda clase de construcións auxiliares, plantas, instalacións e ferramentas.
- Gastos de alugueiro ou adquisición de terreos para depósito de maquinaria e materiais.
- Gastos de protección de aprovisionamento e da propia obra contra toda clase de deterioración.
- Gastos de montaxe, conservación e retirada de instalacións para a subministración de auga e enerxía eléctrica, necesarias para a execución da obra, así como dereitos, taxas ou importes de acometida, contadores e outros elementos.
- Gastos e indemnizacións que se producisen nas ocupacións temporais, diferentes ás necesarias, previstas para as ocupacións definitivas ou provisionais do proxecto.
- Gastos de explotación e utilización de préstamos, canteiras, caudais e vertedoiros.

- Gastos de retirada de materiais rexeitados, evacuación de restos, limpeza xeral da obra e zonas estremeiras afectadas polas obras.
- A execución, remoción, reposición e retirada de toda clase de construcións auxiliares, incluíndo os camiños de acceso e desviacións de augas e a limpeza e arranxo da zona de obras, comprendidas zonas de instalacións, acometidas, préstamos e vertidos, despois do remate da obra.
- A adquisición ou alugueiro de terreos para instalacións, acometidas, vertidos e préstamos.
- Gastos de reparación e reposición de camiños e servizos que afecten ó contratista para a realización dos traballos.
- A conservación e policía da zona de obras durante a execución; a subministración, colocación e conservación de sinais dentro da obra e das zonas de terceiros e nas zonas de inicio e final da obra; a garda da obra e a vixiancia de afeccións a terceiros, con especial atención ó tránsito.
- Os maiores custos que puidesen derivarse con motivo da realización de traballos nocturnos, en horas extraordinarias ou días festivos, necesarios para cumprir o programa de traballos e o prazo acordado, excepto que a adopción das citadas medidas se producise a petición de SPI Galicia, S.A. e sexa motivada por atrasos non imputables ó contratista.
- Serán da exclusiva compatibilidade do contratista os danos a terceiros por motivo da forma de execución da obra.

4.1.3 Tamén son por conta do contratista:

- a) Os gastos e impostos dos anuncios da licitación e adxudicación. O seu importe será satisfeito no momento de asinar o contrato.
- b) Os derivados da información o público sobre o inicio e remate da obra mediante carteis-tipo e a través dos medios de comunicación no ámbito territorial galego nos que se informará da posta en servizo total ou parcial da obra e das súas características seguindo as indicacións que se proporcionen por parte da Administración Promotora.

Os gastos derivados da información mencionada nos parágrafos anteriores (a e b) non superarán en ningún caso o un por cento (1%) do presuposto de adxudicación.

- c) Os derivados de retribución por prestación de traballos facultativos de replanteo, dirección, inspección e liquidación das obras, e de gastos de supervisión do control de calidade destas. Por estes conceptos, SPI - Galicia, S.A. facturaralle ó contratista o 6% do importe das certificacións mensuais (IVE excluído).
- d) Os gastos de ensaios de control de calidade e de contraste e verificación. Serán a cargo do contratista tódolos ensaios esixidos pola normativa vixente e polo Prego de Prescricións Técnicas Particulares do correspondente Proxecto de Construcción, ademais dos ensaios e probas de contraste ata a porcentaxe do ofertado polo contratista na súa proposta técnica (mínimo do 1% do orzamento de execución material de licitación).

No caso de incumprimento por parte do contratista no pagamento das obrigas citadas, SPI - Galicia, S.A. poderá descontar de calquera pagamento que teña que facer ó contratista estes importes. Polo atraso no pagamento destas cantidades, SPI - Galicia, S.A. poderá cobrar uns xuros de demora que se calcularán dende a data de vencemento da obriga do contratista e ata o día do seu cobramento.

Para o seu cálculo aplicarase a seguinte fórmula:

$$X = C \times R \times T/360$$

Sendo:

X = xuros a pagar do período.

C = cantidade atrasada.

R = tipo de xuro nominal anual aplicable.

T = número de días (este prazo contarase dende o día do vencemento orixinario, e ata a data de pagamento real).

O tipo de xuro será o EURIBOR + 1.

Por EURIBOR entenderase o tipo medio de xuro promovido pola Federación Bancaria Europea para operacións de depósitos en euros a prazo de un (1) ano, reflectido na pantalla EURIBOR01 de Reuters ou a que a substitúa no futuro.

Para o cálculo dos xuros tomarase como tipo de xuro o EURIBOR do día hábil anterior ó do vencemento orixinario da cantidade atrasada.

Non se certificará a conta de aprovisionamentos, de materiais nin de gastos de primeira instalación.

4.1.4 Prazo de Execución dos Traballos

O prazo máximo de execución dos traballos será o indicado na folia de especificacións da licitación. Serán rexeitadas tódalas ofertas que superen este valor máximo.

Deberán cumprirse igualmente os prazos recollidos na folia de especificacións para as entregas parciais.

Tódolos prazos referidos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, que se fará dentro do mes seguinte á firma do contrato.

Os atrasos producidos por motivos non imputables ó contratista darán dereito a este, sempre que se ofrecese a cumprir os compromisos mediante prórroga do tempo que sinalase inicialmente, a un prazo adicional que non excedese o tempo perdido e que será aplicable soamente á parte de obra afectada. Para isto o contratista deberá solicitar en escrito dirixido ó director da obra, unha prórroga do tempo para cumprir os compromisos. O director elevará dito escrito xunto co seu informe a SPI - Galicia, S.A. quen procederá á concesión da prórroga polo tempo que se estime oportuno, que en ningún caso poderá ser superior o tempo perdido.

5 DISPOSICIÓN XERAIS

5.1 Existencia de Crédito

Cumpríronse os trámites precisos para asegurar a existencia de crédito para atender ás obrigas que se deriven do cumprimento do contrato. Cando o contrato se formalice no exercicio anterior ó da iniciación da execución, a adxudicación queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente. As anualidades definitivas axustaranse ó importe da oferta seleccionada.

5.2 Prazo de Garantía

O prazo de garantía dos traballos será o establecido na Folla de Especificacións do Contrato, computándose a partir da data de recepción dos mesmos.

5.3 Normas Xerais

5.3.1 Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ó obxecto do contrato, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas Administracións, Sociedades ou Fundacións Públicas nos termos establecidos no artigo 49 da Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como no rexime de incompatibilidades establecido na correspondente normativa galega.

5.3.2 A proba pola parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coa sociedade ou fundación pública poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

- 5.3.3 A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de ser o caso, no Rexistro oficial correspondente.
- 5.3.4 Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acreditar a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acreditar a súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado orrespondente ou da Oficina Consular (artigo 52 da Directiva 18/2004 e anexo IX-A).
- 5.3.5 As persoas físicas e xurídicas de Estados non pertencentes a Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se axuntará a documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa extranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables as enumeradas no artigo 3 da LCSP, en forma sustancialmente análoga. Para celebrar contratos de obras será necesario, ademais, que estas empresas teñan aberta sucursal en España, co nomeamento de apoderados e representantes para suas operacións, e que esten inscritos no Rexistro Mercantil.
- 5.3.6 Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidade de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.
- 5.3.7 As ofertas presentaranse no rexistro de SPI - Galicia, S.A. (Praza de Europa 10-A, 5º, Edificio Área Central, Polígono Fontiñas, 15.703 Santiago de Compostela) ou enviadas por correo, neste caso os licitadores haberán de xustificar que a data e hora de depósito de , tramitación na oficina de correos son, como máximo, as sinaladas no anuncio e poñelo en coñecemento de SPI-Galicia, S.A. mediante telegrama, telefax ou burofax que se haberá de recibir dentro do citado prazo. En calquera caso non serán admitidas as

que non se reciban en SPI-Galicia, S.A. dentro dos cinco días seguintes ao remate do prazo de presentación.

- 5.3.8 Tódolos concursantes sinalarán, no momento de presentar as súas propostas, un domicilio para as comunicacións e relacións que en xeral se deriven do concurso ou que de calquera xeito poidan afectar ó concursante.
- 5.3.9 . As ofertas terán unha validez mínima de 4 meses, contados a partir da data de apertura das proposicións.
- 5.3.10 As ofertas presentaranse redactadas en galego ou en castelán.
- 5.3.11 As ofertas constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo licitador ou pola persoa que o represente; en cada un deles farase constar claramente, tanto no seu exterior coma no seu interior, o seu contido e o nome e datos de contacto (dirección postal, teléfono e fax) do licitador.
- 5.3.12 O licitador poderá presentar a documentación esixida, no caso de que sexa notarial, axustada ós requisitos que establece o Regulamento notarial, polo que se refire á súa legalización e lexitimación. No caso de documentos administrativos poderanse presentar os orixinais, copia ou fotocopia debidamente cotexadas.
- 5.3.13 As ofertas presentaranse escritas a máquina ou noutros tipos de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito ni con omisións, erros ou correccións que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.
- 5.3.14 Ningún licitador poderá presentar máis dunha proposta, nin subscribir ningunha outra en Unión Temporal de Empresas (ou figura que a substitúa coma adaptación da lexislación española á normativa europea nesta materia) se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha Unión Temporal de Empresas. No caso de facelo, será causa da non admisión de tódalas propostas subscritas por este.
- 5.3.15 Poderán presentarse ofertas por unión de varias persoas físicas e/ou xurídicas que, temporalmente e para esta licitación, presenten unha proposta conxunta, sen que sexa necesaria a formalización da devandita unión en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación ó seu favor. Estes licitadores quedan obrigados solidariamente ante SPI - Galicia, S.A. e deberán nomear un representante ou apoderado da unión con facultades suficientes para exercer os dereitos e cumprir coas obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

- 5.3.16 Non serán admitidas en ningún caso, as ofertas daquelas persoas nas que concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 49 LCSP.
- 5.3.17 A consideración dunha oferta coma incurso en baixa desproporcionada ou temeraria farase segundo disposto no **punto B, CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, apdo. b)** deste Prego de Bases.
- 5.3.18 A determinación de baixas temerarias, regulada no artigo 55 da Directiva, realizarase independentemente para as ofertas base e para as ofertas variante, se estas existisen.
- 5.3.19 No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas nos parágrafos anteriores, aplicaráselle os procedementos indicados no artº136 LCSP a efectos de que o licitante poda continuar no proceso.
- En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire
- O aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
 - As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
 - A orixinalidade das prestacións propostas.
 - O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación.
 - No caso de contratos de execución de obras a presentación dun informe acreditativo de que a oferta económica non vai en detrimento do cumprimento escrupuloso das prescricións técnicas e de seguridade do proxecto.
- A xustificación terá que ser posta a disposición da Mesa de Contratación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a súa solicitude.
- A Mesa despois da súa análise pola Comisión Técnica prevista nestas instrucións, acordará a aceptación ou non, aos efectos a considerar a oferta como posible adxudicatario ou non.
- 5.3.20 Tódolos gastos en boletíns, diarios oficiais e prensa pública para a publicación dos anuncios do contrato, tanto de licitación como de notificación da adxudicación, serán por conta do adxudicatario do mesmo.

6.- CONTIDO DAS PROPOSIÇÕES

Tanto no exterior de tódolos sobres coma no seu interior indicárase claramente a identidade do(s) licitante(s), do(s) seu(s) representante(s) e datos de contacto (dirección postal, correo electrónico, teléfono e fax). Ademais ditos sobres deberán presentarse pechados e asinados.

6.1 Sobre Número 1

Título: **Documentación xeral** - (Título do proxecto).

O asinante da proposición deberá acreditar a súa identidade, esixíndolle ó efecto a presentación de copia cotexada do DNI, así coma o NIF/CIF da empresa.

No caso de estar inscritos os licitantes no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, deberán indicar claramente este feito no exterior e no interior do sobre nº 1 mediante o seu número de inscrición. Neste caso, aqueles feitos que se atopen xustificados neste rexistro para a data límite de presentación das propostas non será preciso que se xustifiquen segundo se indica nos seguintes parágrafos (os apartados 6.1.1, 6.1.2, 6.1.3 e 6.1.4 poderían xustificarse dende dito Rexistro, polo que só sería preciso xustificar na oferta os apartados 6.1.5, 6.1.6, 6.1.7 e 6.1.8).

De non estar inscritos no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia o sobre nº 1 terá o seguinte contido:

6.1.1 Documentación acreditativa da personalidade, capacidade e representación do concursante

No caso de que o licitador sexa unha persoa xurídica, a acreditación farase mediante escritura de constitución e/ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación que lle sexa aplicable. De non ser así, realizarase mediante escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional na que deben figurar as súas normas de funcionamento, inscritas, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

No caso de que o licitador sexa unha persoa física, a acreditación antes mencionada farase mediante a presentación do documento de alta do imposto de actividades económicas, así como do seu último

pagamento. Tamén será necesaria a acreditación, se é o caso, do nome comercial co que opera no tráfico mercantil.

Cando se trata de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, ou de estados asinantes do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, deberán acreditar a súa inscrición nos rexistros ou presentar as certificacións que se indican na LCSP

As demais empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no estado correspondente, facendo constar que están inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no ámbito das actividades obxecto do contrato. Neste suposto, será necesario presentar informe da representación diplomática española sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade reflectido no artigo 44 L.C.S.P.

Dun xeito semellante, deberán acreditar ter unha sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Tamén presentará o documento ou documentos que acrediten a lexítima e suficiente representación do asinante da oferta.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica, deberá acompañar un poder declarado bastante pola asesoría xurídica de SPI Galicia, S.A. (para o cal será suficiente o bastanteo do poder por un letrado da Xunta de Galicia). No caso de Empresario físico o D.N.I

Poderán presentarse ofertas licitadas por Unións Temporais de Empresas que se constitúan temporalmente, con duración como tal agrupación ata a extinción do contrato, para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Estas empresas quedarán obrigadas solidariamente ante SPI - Galicia, S.A. e deberán nomear un representante ou apoderado con facultades declaradas bastantes por SPI - Galicia, S.A. para exercer os dereitos e cumprir coas obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

6.1.2 Acreditación da Solvencia Económica, Financeira e Técnica

A acreditación da solvencia económica, financeira e técnica, poderá realizarse polos licitadores coa presentación da correspondente clasificación definitiva.

O contratista deberá estar clasificado nos Grupos e Subgrupos indicados na Folla de especificacións da licitación.

As clasificación das Unións Temporais de Empresas verificarase mediante a acumulación, nos termos regulamentarios procedentes, das características de cada un dos asociados expresadas nas súas respectivas clasificacións de acordo coa normativa vixente. Será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na Unión Temporal tivesen previamente clasificación coma empresa de obras en relación co contrato ó que opten.

Nos casos nos que sexa esixible a clasificación e concorran na Unión empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros acreditaran a súa clasificación e os últimos, en defecto dela, a súa solvencia económica, financeira y técnica ou profesional.

Para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 64 e 65 da L.C.S.P:

a) Declaración apropiada de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, segundo se establece no artigo 64.1a) da LCSP.

- Reputarase solvente o licitador que achegue unha declaración apropiada dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súas solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado no Cadro de Características.

No Suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais, considerase solvente o licitador que xustifique ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por un capital equivalente ó orzamento base de licitación multiplicado por 1,5.

b) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades de que é obxecto o contrato, correspondente como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de

inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoñe das referencias de dito volume de negocios, segundo establece no artgo 64.1c) da LCSP.

- No caso de presentar unha declaración de cifra de negocio da sociedade, reputarase solvente aquela que teña un volume de negocio superior ó do orzamento base de licitación multiplicado por tres.

6.1.3 Declaración sobre Prohibicións de Contratar

Declaración dando fe de que non concorren na empresa licitadora ningunha das circunstancias previstas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como no réxime de incompatibilidades establecido na correspondente normativa galega.

As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refiren as leis vixentes, sobre incompatibilidades de altos cargos, sobre incompatibilidades de persoal ó servizo das Administracións Públicas e a de réxime electoral xeral.

A dita prohibición acada igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

6.1.4 Obrigas Tributarias e da Seguridade Social

Documento acreditativo de estar de alta no imposto sobre actividades económicas, cando o licitador exerza actividades suxeitas ó imposto referido e, se é o caso do último recibo do imposto.

Certificado positivo, emitido polo órgano competente, acreditando que a empresa está ó día do pagamento das obrigas tributarias e a inexistencia de débedas de natureza tributaria co Estado.

Certificado positivo, emitido polo órgano competente, de estar ó día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.



Certificado positivo emitido pola Dirección Xeral de Tributos da Xunta de Galicia, acreditativo da inexistencia de débedas tributarias coa Xunta de Galicia.

En calquera dos casos anteriores, se fose utilizada a vía alternativa da declaración responsable, en lugar do certificado positivo correspondente, a xustificación acreditativa dos que vaian a resultar adxudicatarios deberá ser aportada antes da adxudicación do contrato, para o cal disporán dun prazo de 5 días hábiles.

6.1.5 Declaración sobre grupos empresariais

Ós efectos de determinar as baixas temerarias e da avaliación das ofertas económicas deberase incluír unha declaración asinada polo representante da empresa que presente a oferta indicando as empresas coas que comparta grupo, entendéndose por tales as sinaladas no artigo 86, puntos 1 e 2, do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No caso de que a empresa non se atope neste suposto por non pertencer a ningún grupo empresarial (segundo os criterios sinalados) deberase indicar igualmente este feito en declaración asinada.

6.1.6 Aceptación do Contrato Tipo

Declaración, asinada por persoa responsable da empresa aceptando o Contrato Tipo de SPI - Galicia, S.A..

6.1.7 Submisión Xurisdiccional das Empresas Estranxeiras

No caso de empresas estranxeiras, declaración, asinada por persoa responsable da empresa, de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que directa ou indirectamente se deriven do contrato, con renuncia, se é o caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitante, todo iso, sen prexuízo da submisión á arbitrase prevista no contrato tipo.

6.1.8 Datos de comunicación

Incluirase un documento asinado no que se recolla o número de fax e a dirección de correo electrónico a efectos de notificación, engadindo unha declaración na que o licitador acepta expresamente os devanditos medios de notificación.

6.2 Sobre Número 2: CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

Título: **Proposta técnica** - (Título do proxecto)

Terá o seguinte contido:

6.2.1 Memoria Descritiva do Proceso de Execución

Memoria descriptiva e xustificativa dos procesos constructivos empregados na execución das unidades máis representativas con indicación de materiais e medios técnicos e humanos.

A Memoria deberá conter, alomenos:

- Concepción global da obra (evitando copiar a Memoria do proxecto).
- Descrición das actividades principais ou complexas e dos procesos constructivos propostos.
- A análise, neses procesos, das operacións simples que forman cada actividade.
- A análise das necesidades de acopios e instalacións auxiliares.
- Estudio dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais.
- A análise dos condicionantes existentes (externos e climatolóxicos).
- Desvíos provisionais e reposición de servizos coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas, incluíndo o tratamento das afeccións ó tráfico e propiedades colindantes durante a execución da obra.

6.2.2 - Relación de Maquinaria, Instalacións e Medios Auxiliares

Relación dos equipos de maquinaria, instalacións e medios auxiliares que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra obxecto do concurso para a execución dos

diversos traballos. Esta relación deberá ser suficiente para o normal desenvolvemento e remate das obras nas condicións e prazos contratados.

Nesta relación deberán detallarse os seguintes aspectos:

- Número de máquinas.
- Marca e modelo.
- Capacidade e/ou potencia.
- Rendemento medio.
- Antigüidade.
- Propiedade (propia ou arrendada).

A devandita relación presentarase agrupada nas distintas actividades nas que se descompoña o programa de traballos proposto e indicará, para cada un dos equipos, o número de días a disposición da obra resultantes do programa e o rendemento medio considerado.

6.2.3 - Procedencia de Materiais, Préstamos, Vertedoiros e Acopios

Expoñerase unha relación das fontes de subministro (Propias ou alleas) dos materiais que se empregarán na obra e validación das mesmas, no seu caso. Detallarase a situación e capacidade de produción das mesmas con indicación expresa das distancias a obra para cada unha delas, en especial as de canteiras, plantas de produción, talleres, pezas prefabricadas, etc.

Ritmos mensuais de subministracións, previsión da situación e contía dos abastecementos, tanto de terras para recheos, grixos e areas para firmes e formigóns,... coma de calquera outro material que sexa preciso.

Situación e a capacidade dos terreos para obtención de materiais de préstamo, depósitos de materiais inadecuados ou sobrantes e acopios temporais de materiais a empregar nas obras, detallando as respectivas distancias a obra.

6.2.4 . Propostas de subcontratación



Relación das unidades ou partes da obra que realizará baixo subcontratación, indicando a ou as empresas coas que se prevé subscribir a devandita subcontratación aportando compromiso, todo elo sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 210 da LCSP

6.2.5 Programa de Traballos

Un programa de traballos xustificado, tendo en conta os equipos humanos e materiais adscritos a cada unha das actividades descritas na Memoria, que recolla a construción das obras asegurando a súa execución nos prazos totais e parciais, debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado.

Como consecuencia da planificación realizada o licitador facilitará, en concreto, a información seguinte:

- Lista representativa de actividades que permita analizar o desenvolvemento das obras.
- Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo participantes.
- Rede de precedencias múltiples entre as actividades.
- Duración estimada de cada actividade.
- Comezo e termo máis pronto e máis tardío de cada unha das actividades referida ó inicio da obra.
- Folganzas libre e total de cada actividade.
- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra, con indicación das actividades que condicionan dita obra ó derivarse de actividades críticas.
- Prazo de execución da obra resultante da programación.
- Os investimentos mensuais previstos sobre o presuposto de licitación.

No programa de traballo reflectiranse claramente as datas de inicio e remate das actividades, así como as obras elementais suxeitas a prazos parciais de remate.

Non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos a oferta económica do licitador, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do sobre C (proposición económica). Desta maneira respéctase o indicado no artigo 129.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

O programa de traballos debe considerar que a obra comenizará dous meses despois da data sinalada no anuncio para a apertura das proposicións económicas.

6.2.6 Equipo Técnico

Relación sintetizada nun cadro resumo, do equipo técnico de que disporá o empresario para a execución das obras, sinalando os técnicos ou as unidades técnicas, integrados ou non na empresa e que estarán a dispor para a execución da obra, indicando a súa dedicación, titulación e traxectoria profesional, para o cal achegará un curriculum detallado de cada membro.

As funcións a desenvolver polos diferentes membros do equipo, para mellor e máis fácil comprensión das mesmas, expresaranse a través dun Organigrama de persoal ademais do antedito cadro resumo.

A substitución de algún deles durante a execución da obra por técnicos de análogo perfil profesional deberá ser aprobada, de maneira expresa, por SPI - Galicia, S.A. que poderá esixir, en calquera momento, xustificadamente o cambio do/s facultativo/s e do persoal técnico adscrito á obra.

6.2.7 Calidade da execución

Os licitantes exporán abreviadamente os procedementos que teñen establecidos (Plano de Aseguramento da Calidade) para o desenvolvemento dos traballos precisos para a execución das obras así como a organización e persoal responsable dos procesos constructivos, documentación, informes de verificación dos controis e seguimento das obras, incidencias, compras, reunións, etc., e en xeral de tódolos aspectos do sistema de xestión das obras, cuxo obxectivo é acadar á calidade debida.

O contratista deberá elaborar un Plan de Control de Calidade a manter durante a execución da obra, co fin de garantir o cumprimento das condicións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares do Proxecto de Construcción, así como no PG-3 e calquera outra lexislación e regulamentación aplicable incluíndo, como mínimo os seguintes aspectos:

- Aspectos concretos das unidades de obra a controlar.
- Criterios de mostreo técnico e de aceptación ou rexeite.
- Organización dedicada ó control de calidade.

Cantidade en euros (a cantidade mínima será equivalente ó 1% do orzamento de licitación, agás IVE) que se compromete a empregar o licitador adxudicatario no devandito Plano, valorado de acordo cos prezos unitarios de mercado.

6.2.8 Prevención de Riscos Laborais

O licitador aportará relación de medidas que se disporán ó longo da execución da obra, en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, así como actividades que se desenvolverán ó longo da obra para minimizar os riscos laborais.

Especificamente nesta Memoria indicárase:

- Organización da prevención e seguridade na obra: organigrama preventivo, técnicos de prevención e recursos preventivos, funcións, coordinación de subcontratistas e traballadores autónomos.
- Os sistemas de participación dos traballadores na prevención de riscos laborais da obra.
- Os canais de información e formación dos traballadores da obra.
- Análise das posibles situacións de emerxencia: medidas a adoptar e relacións a organizar cos servizos externos para garantir a súa máxima rapidez e eficacia.
- Análise do estudo de seguridade e saúde do proxecto baixo a perspectiva do proceso constructivo ofertado polo licitador, propoñendo as melloras que se consideren convenientes.

6.2.9 Actuacións Medioambientais

O licitador expresará as medidas internas de xestión ambiental aplicables ás obras obxecto do concurso, a proposta de medidas de dita xestión e produtos a utilizar na obra, incluíndo os certificados e outros documentos acreditativos destes requisitos.

En particular presentará un Programa de Vixiancia Ambiental que, no seu alcance e contido, poderá incluír melloras de actuación medioambiental con respecto ó do proxecto. Nel indicaranse as actuacións de vixiancia e seguimento dos recursos do medio para as unidades de obra, grupos de unidades similares e para as operacións de:

- Replanteo e marcaxe dos terreos de emprazamento das obras.
- Emprazamento e explotación de zonas de préstamos e vertedoiros.
- Localización e control de zonas de instalacións e parque de maquinaria.
- Control de accesos e desvíos provisionais.
- Sistemas de xestión de residuos e control da contaminación.
- Control da contaminación derivada do proceso de construción (ruídos, vibracións, vertidos, polución atmosférica, etc.).
- O posible emprego de materiais reciclados con certificación ambiental.
- Desmantelamento de instalacións e limpeza final da zona de obras.

6.2.10 Análise do Proxecto

Documento, debidamente asinado, mediante o que a empresa faga constar expresamente o seu parecer sobre a viabilidade do proxecto obxecto do concurso, tendo en conta a realidade física dos terreos onde se realizarán as obras, debéndose acompañar dunha reportaxe fotográfica da inspección realizada.

Neste documento, sen prexuízo da aceptación do proxecto e prego do concurso polo feito de presentar oferta, farase unha descrición da análise efectuada do proxecto, con relación expresa das anomalías, erros ou contradicións atopados nel e a incidencia destes no proceso de execución ou orzamento do proxecto.

Acompañarase, asimesmo, toda aquela información que demostre o grao de coñecemento da zona da obra.

6.2.11 Outros informes e compromisos adicionais

Valoraranse os compromisos adicionais de carácter técnico e/ou melloras tecnolóxicas nas fases do replanteamento, fabricación e/ou prefabricación de materiais, premontaxes que poidan mellorar ou facilitar a posta en obra, actividades da empresa en I+D+i relacionadas co obxecto do contrato, sistemas de execución que poidan ter repercusión nas calidades de acabado da obra rematada e, con carácter singular, os aspectos que neste senso se poidan especificar en concreto no Cadro de Características do concurso que non son obxecto de valoración nos apartados anteriores, ofertados de maneira concreta e que representen un maior valor engadido á oferta.

6.3 Sobre Número 3: CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE

Título: **Proposta económica** - (Título do proxecto)

A proposta será **asinada polo representante da Empresa licitante** (ou cada un deles no caso de Unión Temporal de Empresas) debidamente acreditado na documentación incluída no sobre nº1 e terá o seguinte contido:

6.3.1.Proposición Económica

Resumo da proposta económica da oferta, formulada de acordo co modelo que se achega coma Anexo nº 2 a este Prego de Cláusulas.

A proposición económica presentarase segundo o parágrafo 5.3.13, de xeito que permita coñecer con claridade o que a empresa SPI Galicia, S.A. estime fundamental para considerar a oferta.

7.-APERTURA, EXAME DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓN

7.1 Mesa de Contratación



Estará composta por:

- **Presidente:** Nomeado por proposta do organismo promotor do mandato.
- **Vogais:** Xerente de SPI-Galicia, S.A., ou Xefe Departamento.
Persoa que desempeñe funcións Asesoramento Xurídico.
Persoa que desempeñe funcións de Control Económico-Presupostario.
- **Secretario:** Persoa que desempeñe funcións na área de contratación.

7.2 Procedemento

7.2.1 Entre a data de presentación das ofertas e a da súa apertura o Presidente da Mesa de Contratación ordenará a apertura do sobre número 1, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Caso de que a Mesa de Contratación observase a existencia de defectos emendables, estes comunicaranse ós interesados para que, no prazo que estableza a Mesa (que non superará os tres (3) días hábiles), os emenden. A falta de emenda no prazo establecido será causa de exclusión do concurso.

Para a devolución das proposicións estarase ó disposto no artigo 87.4 do R.L.C.A.P.

7.2.2 A Mesa de contratación procederá á apertura pública e exame da documentación contida no sobre número 2 (Documentación técnica), verificando se se axusta ou non ao especificado no presente prego.

Únicamente serán emendables os efectos de forma ou representación nas declaracións e compromisos que deban estar asinados.

Neste caso concedese un prazo de tres (3) días hábiles para subsanalos.

7.2.3 As ofertas presentadas e admitidas serán estudadas, valoradas e ponderadas de acordo con todo o mencionado e formulado nas especificacións do contrato.

7.2.4 No lugar, data e hora sinaladas procederase ó acto público de apertura da oferta económica. Nese momento a Mesa de Contratación abrirá o sobre número 3 de cada

oferta, e lerá o resumo das propostas económicas contidas nos sobres mencionados que se concretarán nunha acta.

- 7.2.5 No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas nos parágrafos anteriores, aplicaráselle os procedementos indicados no art. 136 da LCSP a efectos de que o licitante poda continuar no proceso.

En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma en particular no que se refira:

- O aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
- A orixinalidade das prestacións propostas.
- O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación
- No caso de contratos de execución de obras a presentación dun informe acreditativo de que a oferta económica non vai en detrimento do cumprimento das prescricións técnicas e de seguridade do proxecto.

A xustificación terá que ser posta a disposición da Mesa de Contratación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a súa solicitude.

A Mesa despois da súa análise pola Comisión técnica, acordará a aceptación ou non, aos efectos a considerar a oferta como posible adxudicatario ou non.

- 7.2.6 A Mesa de Contratación, cos informes que coide oportuno solicitar, valorará as ofertas e elevará ó Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. a correspondente proposta de adxudicación razoada ou, se é o caso a proposta de declarar deserto o concurso.

- 7.2.7 O Consello de Administración de SPI Galicia, S.A. á vista do indicado no punto anterior, decidirá sobre a adxudicación do contrato da obra.

Comunicada a adxudicación, o contrato formalizarase segundo a cláusula 8.4 deste Prego.



7.3 Criterios para a Adjudicación

- A Mesa, valoradas as ofertas de acordo co expresado anteriormente, elevará o Consello de Administración, a través do seu Presidente, a correspondente proposta motivada de adjudicación ou, no seu caso, a proposta de declarar deserta a licitación.
- O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no Prego.
- O Consello de Administración, á vista do indicado no punto anterior, decidirá sobre a adjudicación do contrato. A adjudicación perfeccionará o contrato se ben será necesaria ata a formalización do contrato nos termos previstos no presente Prego de Bases.
- O Órgano de Contratación poderá renunciar a celebración do contrato e desistir do procedemento de adjudicación nas formas e polas razóns expostas no artigo 139 da L.C.S.P..
- A adjudicación do contrato será notificada e darase publicidade dela no Perfil de contratante de SPI-Galicia, S.A.
- No caso que non se chegue a formalizar o contrato por falta de cumprimento por parte do adjudicatario das condicións necesarias para o outorgamento do contrato, SPI-Galicia, S.A. poderá convocar nova licitación ou adjudicalo aos licitadores seguintes por orde de clasificación das súas ofertas, sempre que fose posible e o novo adjudicatario de cumprimento ás obrigas de constitución de garantías e presentación dos documentos esixidos na licitación.

Si se presentan dúas ou máis proposicións iguais que resulten ser as máis ventaxosas, en caso de igualdade de puntuación (Ao abeiro da disposición adicional sexta, parágrafo primeiro da LCSP) prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, sempre e cando as proposicións igualen nos seus termos as máis ventaxosas dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adjudicación, segundo o seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

A empresa que no momento de acreditar a solvencia técnica conte na súa plantilla cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento.

En segundo lugar:



De acordo co establecido no artº 11.4 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos as máis ventaxosas dende o punto de vistas dos criterios obxectivos que sirven de base para a adxudicación.

7.4 Admisión de Variantes

Admitíranse variantes se así se indica no cadro de características da licitación, e nos elementos e condicións que se sinalen.

No caso de admitirse a presentación de variantes, a documentación técnica das mesmas incluírase no sobre nº 2 (proposición técnica) ou nun sobre independente claramente identificado. A proposición económica e de prazo das posibles variantes incluírase no sobre nº 3, claramente identificada e separada da proposición base.

A avaliación dos elementos nos que se permita a presentación de variantes realizarase de acordo cos criterios indicados nas especificacións do concurso, segundo establecido no artigo 131 do texto refundido da L.C.S.P.

8 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

8.1 Personalidade e Representación do Adxudicatario

O adxudicatario presentará documento ou documentos que proben a súa personalidade e representación. Se fose persoa distinta da sinalada na Base 6.1.1, terá que presentar poder bastantado por letrado da Xunta de Galicia se é persoa física o D.N.I.

No caso de que as obras fosen adxudicadas a unha Unión Temporal de Empresas, estas, segundo a Lei 18/1982, deberan acreditar a súa constitución en escritura pública (artigo 8. e), dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e o C.I.F. asignado á Unión, tendo en conta que cada contrato adxudicado á mesma Unión, conleva unha escritura e un C.I.F. individualizados.

Ó abeiro do artigo 8.d) da devandita Lei, existirá un xerente único da Unión Temporal con capacidade técnica e con poderes bastantes de todos e cada un dos seus membros para exercer os dereitos e contraer as obrigas a que haxa lugar no desenvolvemento deste contrato.

No caso de que estean incompletos estes requisitos, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

8.2 Garantía Definitiva

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario está na obriga de constituir a garantía definitiva, pola cantidade de un 5 por cento do importe de adxudicación (Excluído o importe do IVE), mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizadas para operar en España.

En calquera caso, formalizarase tendo en conta o aval tipo do Anexo nº 3 deste Prego.

Tamén de ser o caso, poderá constituírse por contrato de seguro de caución celebrado con entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo da caución.



Ó abeiro do artigo 86 da LCSP, o licitador poderá constituír unha garantía global, intervida por Corredor de Comercio, para responder especificamente perante SPI Galicia, S.A. das garantías definitivas que teña que presentar na formalización do contrato de adxudicación.

En caso de non constituír a garantía definitiva segundo un dos medios definidos neste apartado, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

O orixinal da fianza definitiva quedará en poder de SPI Galicia, S.A..

Esta fianza garantirá o exacto cumprimento, por parte do adxudicatario, de todas e cada unha das obrigas que lle correspondan como consecuencia do presente contrato (agás aquelas obrigas cubertas polo seguro a todo risco contemplado no contrato), e estará vixente ata o momento da recepción das obras.

No suposto que se incremente o importe da obra contratada deberase tamén incrementar o importe da fianza.

A fianza constituída responderá de tódalas débedas do contratista dimanantes do contrato, da súa execución ou da súa eventual resolución, do reintegro das cantidades que, se é o caso, podería ter aboado SPI Galicia, S.A. en exceso no momento da liquidación, do resarcimento de calquera dos danos e perdas dimanantes do incumprimento das obrigas do contratista, e, con carácter xeral, do cumprimento de tódalas obrigas que correspondan ó contratista.

En calquera dos supostos previstos no parágrafo anterior SPI Galicia, S.A. poderá proceder libremente, e pola súa exclusiva determinación, contra a fianza constituída e dispoñer, en consecuencia, das cantidades a que alcance, todo isto sen prexuízo das accións, reclamación ou recursos dos que o contratista se crea asistido, os cales a pesar de todo, non suspenderán en ningún caso, a libre dispoñibilidade do aval por SPI Galicia, S.A., a única obriga da cal será a de reintegrar no seu día as sumas dispostas se así resulta procedente.

A fianza, orixinaria ou cambiada, será devolta o contratista para a súa cancelación no momento do remate do período total de garantía. A cancelación ou devolución da fianza non obstará a que subsista a responsabilidade legal do contratista por vicios da construción, ou por faltar ás condicións deste contrato, durante o prazo previsto no artigo 1.591 do Código Civil contado dende a conclusión das obras.

8.3 Actos Previos á Formalización

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario, coa supervisión de SPI Galicia, S.A., incorporará e asinará coma contractuais os sobres técnico e económico (sobres nº 2 e 3) da oferta, actualizado á data na que se recibiu a comunicación de adxudicación facendo asemade unha estruturación, análise e desagregación do proxecto e do seu orzamento, en obras elementais e en actividades.

Dun xeito semellante, presentará a SPI Galicia, S.A. a relación de servizos afectados polas obras e previsións para a obtención, se é o caso, da correspondente licencia de inicio de obra, substitución de servizos, etc.

Finalmente, o adxudicatario deberá presentar resgardo do pagamento da totalidade dos anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia, e de selo caso, no BOE, DOCE e calquera outro, público ou privado, para a licitación desta obra.

8.4 Documentos de Formalización

No documento de comunicación da adxudicación SPI Galicia, S.A., sinalará ó adxudicatario o prazo no que está na obriga de cumprir os puntos anteriores e a subscribir o correspondente documento de formalización do contrato de adxudicación das obras.

O contrato formalizárase de acordo co modelo aprobado por SPI Galicia, S.A., no que se reflectirá as cláusulas desta licitación; a presentación ó concurso comporta a aceptación de tódalas Bases e tódolos dereitos e obrigas que resulten das Cláusulas do devandito modelo (contrato tipo).

No caso de que estean incompletos estes requisitos, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

Adxúntase en anexo a este Prego o contrato tipo do documento de formalización do contrato que asinará o adxudicatario do mesmo con SPI Galicia, S.A.

No caso de que estean incompletos estes requisitos, SPI Galicia, S.A. declarará sen efecto a adxudicación.

8.5 Documentos Anexos

8.5.1 Os seguintes documentos revestirán carácter contractual e incorporaranse coma anexos ó contrato que se asine entre SPI Galicia, S.A. e o adxudicatario do contrato:

- Prego de Bases e Folla de Especificación do contrato.
- Prego de condicións técnicas do Proxecto de Construcción aprobado.
- Planos do Proxecto de Construcción aprobado.
- Cadros de prezos, Xustificación de prezos, o Orzamento total e parciais das obras elementais e de actividades do Proxecto de Construcción aprobado.
- Programa de traballos con fixación de mensualidades, ofertado polo adxudicatario.
- Detalles da oferta do contratista.

Coa simple presentación a esta licitación o contratista manifesta expresamente que recoñeceu suficientemente os lugares onde se van executar os traballos, tomando as medidas e datos necesarios.

Asemade, manifesta que estudiou detidamente o proxecto que define as obras, que considera suficiente.

Dado todo isto, o contratista declara a súa capacidade para desenvolver os traballos obxecto da presente licitación, con total cumprimento das normas, prescricións e condicións expostas na documentación da licitación, a interpretación e definición dos detalles do que corresponderá á dirección de obra, e polo importe que se detalla na súa oferta.

8.5.2 Tamén é obxecto do contrato a execución dos traballos topográficos, de recoñecemento, ensaios e probas necesarias para a localización, recepción de materiais, clasificación e determinación das características xeomecánicas dos terreos, programación detallada de

cada unha das operacións e a sistemática durante curtos períodos de tempo, dentro do programa xeral aprobado que deberá ser posto ó día a cotío, así como a obtención e elaboración dos datos necesarios para o seguimento da obra en relación coa súa programación. Están incluídos os estudos necesarios para formular (e a propia formulación) os planos detallados de execución, concordantes cos do proxecto base do concurso e os datos que se deducen dos traballos especificados nesta cláusula, os pregos de condicións e os regulamentos vixentes.

8.5.3 Modificacións do Contrato: SPI Galicia, S.A. poderá, durante a execución das obras, modificar este contrato sempre e cando a súa execución fose encargada a SPI Galicia, S.A. por parte da Xunta de Galicia, aumentando, reducindo, substituíndo ou suprimindo unha clase de fábrica por outra sempre que ésta sexa unha das comprendidas no contrato, e serán obrigatorias para o contratista nos termos establecidos na LCSP..

No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha e sen que por ningún motivo poda diminuír o ritmo dos traballos nin suspendelos, de acordo co establecido na LCSP..

No caso de que a modificación consistise no aumento dalgunha obra elemental ou unidade de obra, estas modificacións valoraranse de acordo cos prezos das correspondentes unidades de obra, tamén corrixidas polo coeficiente de adxudicación.

Cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto, ou cando as características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación serán fixados por SPI Galicia, S.A., coa conformidade da Xunta de Galicia, á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia e valoraranse de acordo cos prezos así fixados corrixidas polo coeficiente de adxudicación. Se este non aceptase os prezos fixados, esta Sociedade poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos xa fixados ou executalas directamente.

8.5.4 Obras Accesorias ou Complementarias: Complementariamente, e do mesmo xeito, SPI Galicia, S.A. poderá aumentar o volume das obras obxecto do presente contrato,

mediante proxectos complementarios, se a súa execución fose encargada como tal proxecto complementario a SPI-Galicia, S.A. por parte da Xunta de Galicia.

A súa contratación e execución axustarase as condicións establecidas no Artigo 155.b da LCSP.

8.5.5 No contrato quedará nomeado o delegado de obra representante do contratista (empresa ou UTE) para o exercicio dos dereitos e cumprimento das obrigas que se deriven deste contrato, con facultades amplísimas para o fin mencionado, e deberá ter a titulación acreditativa da capacidade técnica acorde ás características do proxecto.

Así mesmo nomearase o técnico que será o responsable da obra en materia de seguridade e saúde (Real Decreto 1627/1997).

Estas facultades non poderán ser revocadas nin limitadas de ningunha maneira polo contratista, excepto que simultaneamente designe outro representante para substituír, con iguais poderes, ó que foi cesado. Así mesmo, queda obrigado a que, en caso de cesar ou faltar por calquera causa o representante designado ou ó técnico con dedicación plena e responsable das obras en materia de seguridade e saúde, procederá nun prazo que non excederá de oito días, ó nomeamento por escrito doutro que o substitúa. En calquera caso, o novo representante do cal o contratista comunicará o seu nome a SPI Galicia, S.A. deberá ser aprobado por esta explicitamente e por escrito.

8.5.6 Os prezos unitarios das diferentes unidades de obra, consideraranse prezos pechados para tódolos efectos, agás para a revisión de prezos, incluíndo neles as medidas para o cumprimento da normativa de seguridade e saúde no traballo.

Os prezos unitarios, que están afectados polo coeficiente de adxudicación, teñen incorporados tódolos custos e gastos, precisos para cubrir os correspondentes traballos, de total conformidade co establecido nas cláusulas da presente licitación, e moi singularmente no prego de condicións técnicas.

A descomposición e xustificación dos prezos unitarios, así como os rendementos e os prezos básicos son a risco e ventura do contratista e figuran unicamente para efectos de

empregalos no cálculo dos prezos contradictorios e dos traballos por administración, polo que afecta ós prezos básicos e rendementos, mentres que a descomposición e xustificación dos prezos unitarios empregárase unicamente para determinar o prezo de unidades incompletas no caso de paralización ou rescisión da obra.

8.5.7 Revisión de Prezos: Procederá a revisión de prezos convidados para a execución das obras soamente no caso de que así se faga constar no cadro de características do contrato.

O réxime xurídico da revisión de prezos será o establecido nos artigos 77 a 82 LCSP., e a Disposición Transitoria Segunda da LCSP.

A estes efectos utilizarase a fórmula tipo das aprobadas por Decreto 3650/1970 de 19 de decembro, complementada por R.D. 2167/1981 de 20 de agosto, que se inclúe na Folla de Especificacións do contrato. Onde se especificará si os prezos son ou non revisables. No suposto que non o fosen só modificárase dita circunstancia pola prórroga do prazo de execución do contrato por causa imputable a SPI-Galicia, S.A., ou por causas de forza maior, entendendo por tales a establecidas no artº 214 da LCSP.

8.6 Dirección da Obra

A dirección e control da execución do contrato das obras estarán a cargo de SPI Galicia, S.A., xa sexa directamente ou mediante terceiras persoas ou entidades facultadas para o efecto por ela. No cumprimento da súa misión recibirán todas elas en conxunto a denominación xenérica de dirección de obra.

Para poder cumprir coa máxima efectividade a misión que lle foi encomendada, a dirección de obra gozará das máis amplas facultades dentro do marco do proxecto adxudicado e do contrato de execución. Calquera decisión que implique unha modificación do proxecto, en calidade, en custo ou en prazo, deberá ser aprobada por SPI Galicia, S.A.

A dirección de obra deberá coñecer e participar en todas aquelas previsións ou actuacións que leve a cabo o contratista, entre as que se sinala, sen que a relación teña carácter limitativo, as relacionadas con:



- ↳ Replanteo de detalle.
- ↳ Maquinaria aportada á obra.
- ↳ Proxecto, montaxe e funcionamento de instalacións, plantas de produción de áridos, aglomerados asfálticos e formigóns, camiños de acceso, desviacións de augas e outras.
- ↳ Planos de detalle polas diferentes partes do traballo, incluíndo métodos e medidas de execución.
- ↳ Idoneidade dos materiais que se van utilizar e utilizados nas obras. Estes deberán presentarse á dirección de obra para poder acreditar a citada idoneidade.
- ↳ Idoneidade das zonas de abastecemento, vertidos, vertedoiros e préstamos.
- ↳ Prazos e medios para recepción, tomas de fornecemento e almacenaxe de materiais na obra.
- ↳ Sistemas e detalles de encofrado, previamente á súa adquisición, se é o caso.
- ↳ Tipos de aceiro e sistemas de pretensado.
- ↳ Sistemas e medios de produción de áridos, incluídas canteiras.
- ↳ Plans e medios de montaxe de elementos e estruturas metálicas ou prefabricados de formigón.
- ↳ Acabados de todo tipo.

O contratista deberá actuar de acordo coas normas e instrucións complementarias que lle sexan dictadas pola dirección de obra para a regulación das relacións entre ámbalas dúas partes no que se refire ás operacións de control, medición, valoración e en xeral, de información, relacionadas coa execución das obras.

A dirección de obra poderá deter calquera dos traballos en curso de realización, que non se executen de acordo coas prescricións contidas na documentación definitiva das obras.

O contratista disporá na obra dun libro de ordes onde se reflectirán tódalas ordes e instrucións que lle comunique a dirección de obra.

8.7 Proxecto

8.7.1 Enténdese que as obras que se van realizar veñen definidas nos anexos do contrato así como nas prescricións do proxecto se as houbera, tanto no que se refire ás súas dimensións, materiais que as compoñen e as súas condicións, como á forma en que se levará a cabo a execución, condicións que debe reunir a obra executada e probas de calidade; a información obtida nos restantes documentos que formen parte do proxecto entregado no seu día ós concursantes, tal como estudos xeolóxicos e hidrolóxicos, urbanísticos, medicións e demais, teñen un carácter simplemente ilustrativo.

8.7.2 Unha vez efectuados os replanteos de detalle e os traballos necesarios para un perfecto coñecemento da forma e características do terreo e materiais, o contratista formulará os planos detallados de execución que a dirección de obra considere convenientes, xustificando adecuadamente as disposicións e dimensións que figuran nestes a razón dos planos do proxecto base, os resultados dos replanteos, traballos e ensaios realizados, os pregos de condicións e os regulamentos vixentes.

Estes planos deberán formularse con suficiente antelación, que fixará a dirección de obra, na data programada para a execución da parte da obra a que se refiren e deberán ser aprobados pola dirección de obra.

8.7.3 O contratista quedará obrigado, cando a xuízo da dirección de obra fose imprescindible, a introducir as modificacións precisas para que se manteñan tódalas condicións de estabilidade, viabilidade, seguridade e calidade previstas no proxecto.

8.7.4 Pola súa parte, o contratista poderá propoñer tamén modificacións debidamente xustificadas sobre a obra proxectada á dirección de obra, que elevará coa súa conformidade a SPI Galicia, S.A. para a adopción do acordo que proceda. Tal petición por si mesma non lle dará dereito ó contratista a facer ningunha modificación sobre o programa de traballos da obra.



8.7.5 Ó cursar a proposta citada no apartado precedente, o contratista deberá sinalar o prazo dentro do que necesitará recibir a contestación para que non se vexa afectado o programa de traballo. A falta de contestación dentro do citado prazo, entenderase en todo caso como a denegación da petición formulada.

8.7.6 De acordo co previsto nas cláusulas 8.5.3 e 8.5.4 SPI Galicia, S.A. poderá completar ou modificar o proxecto definido.

8.8 Programa de Traballos

8.8.1 A programación á que se deberá suxeitar a evolución das obras, e que dá como resultado o prazo total, será á ofertada polo adxudicatario.

8.8.2 Baixo requirimento de SPI Galicia, S.A. o contratista actualizará o programa de traballos, seguindo as normas e instrucións que para tal efecto dicte SPI Galicia, S.A. ou a dirección de obra.

8.8.3 No caso de que SPI Galicia, S.A. modifique, aumente ou diminúa as obras obxecto do contrato, procederase á reprogramación da obra, obténdose un novo programa de traballos.

Para levar a cabo a citada actualización, ás unidades de obra que se modifiquen, aumenten ou diminúan, aplicaráselle os rendementos utilizados nos anexos do contrato. Se destes non se puidesen deducir os oportunos rendementos (por extrapolación, interpolación ou proporcionalidade), estableceranse de forma contradictoria.

Mentres o volume das modificacións, aumento ou diminución das obras obxecto do contrato que SPI Galicia, S.A. determine, se manteña dentro dos límites previstos, o contratista quedará obrigado a manter os prezos unitarios e os rendementos concretados na documentación anexa. En consecuencia, o contratista comprométese a



dispoñer dos medios necesarios para facer fronte, se é o caso, as modificacións, aumentos ou diminucións das obras contratadas, dentro dos límites convidos.

A actualización do prazo total establecerase como consecuencia da actualización do programa de traballos, e este sufrirá un atraso en canto á data vixente, se como consecuencia da modificación, aumento ou diminución das obras contratadas resultase necesario alterar o camiño crítico do programa de traballos, e con iso retardar a data final das obras.

8.8.4 O programa de traballos elaborárase tendo en conta as datas previstas de ocupación de terreos e de reposición de servizos .

Se por motivo de atraso nas datas de ocupación de terreos e/ou reposición de servizos, non imputables ó contratista, se alterase o programa de traballos ou os rendementos previstos nos anexos do contrato, establecerase un novo programa de traballos, con recoñecemento dos atrasos producidos e co aumento, se é o caso, do prazo total de execución da obra.

8.9 Sinalización das Obras

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións.

De acordo coas instrucións da Dirección de Obra e atendendo ás características da obra, o contratista situará nesta os carteis que por aquela se lle indiquen. A subministración e a colocación destes correrá a cargo do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

8.10 Accesibilidade e Supervisión de Barreiras

Deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de febreiro de 2000).

8.11 Control de Calidade

8.11.1 A Dirección de Obra realizará tódolos recoñecementos, comprobacións e ensaios que crea oportunos en calquera momento, e o contratista deberá facilitar ó máximo a súa execución, poñendo a disposición os medios auxiliares e o persoal que sexa preciso. O contratista non poderá en ningún caso reclamar o pagamento de interrupcións das obras derivadas destes conceptos. Os controis de calidade poderán ser efectuados por SPI Galicia, S.A. mediante servizos propios ou a contratación de servizos a terceiros.

8.11.2 A Dirección de Obra poderá, durante o curso das obras ou previamente á súa recepción, realizar tódalas probas que coide convenientes para comprobar o cumprimento de condicións e o adecuado comportamento da obra executada. Estas probas deberán realizarse sempre en presenza do contratista ou de seu representante que, pola súa parte, estará obrigado a dar as facilidades precisas para a súa debida realización e a poñer a disposición os medios auxiliares e o persoal que sexa preciso para tal obxecto.

8.11.3 Independentemente da supervisión do control de calidade que leve a cabo, directa ou indirectamente, a Dirección de Obra, o contratista deberá levar a cabo o control de calidade necesario sobre a execución da obra, co fin de garantir o cumprimento das condicións establecidas e/ou as que cumpran, definidas en calquera caso pola Dirección de Obra, para alcanzar o comportamento adecuado da obra. Estas actuacións non suporán ningún incremento nos prezos unitarios establecidos.

8.11.4 Complementariamente a todo o que se mencionou, a Dirección de Obra pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra ou informes específicos sobre os mesmos, no caso de resultar pertinentes, sendo por conta do contratista os gastos que se orixinen ata a porcentaxe do ofertado polo contratista na súa proposta técnica.

No momento da recepción da obra, o contratista acreditará a execución das probas de verificación de calidade realmente levadas a cabo. No momento da liquidación da obra valoraranse as mesmas, de conformidade co anteriormente exposto, e aboaranse en



metálico (a favor de quen corresponda) o saldo resultante entre o orzamento ofertado e a citada valoración do realmente desenvolvido.

Os ensaios, repetición doutros que desen resultados defectuosos, serán integramente por conta do contratista e non se incluírán, para efectos económicos, no balance anterior.

8.11.5A Dirección de Obra terá acceso e comunicación directa co Laboratorio de control de calidade designado. O Laboratorio queda autorizado e obrigado a remitir ó mesmo tempo os ensaios ó contratista e á Dirección de Obra, dentro dos termos previstos no plano de autocontrol.

8.11.6 En calquera caso, o contratista será plenamente responsable da calidade da obra que execute, e de acordo co establecido nos anexos do contrato.

8.12 Medios do Contratista para a Execución dos Traballos

8.12.1 O contratista está obrigado a ter na obra o equipo de persoal directivo, técnico, auxiliar e operario que resulta da documentación da adxudicación e queda establecido no programa de traballos. Así mesmo, designará as persoas que asumen pola súa parte a dirección dos traballos que necesariamente deberán residir nas proximidades da obra e ter facultades para resolver cantas xestións dependan da Dirección de Obra, tendo sempre que dar conta a esta para poder ausentarse da zona da obra.

8.12.2 Tanto a idoneidade das persoas que constitúan este grupo directivo como a súa organización xerárquica e especificación de funcións, será libremente apreciada pola Dirección da Obra, que terá en todo momento a facultade de esixirle motivadamente ó contratista a substitución, por causa xustificada, de calquera persoa ou persoas adscritas a ela, sen obriga de responder de ningún dos danos que ó contratista puidese ocasionarlle o exercicio desta facultade. Non obstante, o contratista responde da capacidade e da disciplina de todo o persoal asignado á obra.

8.12.3 O contratista non poderá dispoñer para a execución doutros traballos, da maquinaria que de acordo co programa de traballos se comprometese a ter na obra, nin retirala da zona de obra, excepto expresa autorización da dirección de obra.

8.12.4 Ademais do cumprimento de tódolos regulamentos e disposicións vixentes, tales como o uso de explosivos, o de instalacións eléctricas, o de vertidos controlados e outros de aplicación, o contratista adoptará baixo a súa exclusiva responsabilidade e vixancia, tódalas medidas necesarias para garantir a máis absoluta seguridade do persoal da obra e de terceiros.

8.12.5 A organización dos traballos deberá garantir un escrupuloso respecto ós valores paisaxísticos e ecolóxicos do contorno.

8.12.6 O contratista disporá dos medios, instalacións e servizos auxiliares e de apoio, previstos na súa oferta técnica e detallados nos anexos.

8.13 Información que ten que Preparar o Contratista

8.13.1 O contratista tramitará á Dirección da Obra un comunicado mensual (incluíndo fotografías representativas da evolución da obra) da tarefa executada no mes e a orixe, coas súas valoracións, e no que se reflectirán as incidencias de obra máis importantes. A Dirección da Obra poderá definir con maior detalle o contido do citado comunicado.

Complementariamente a Dirección da Obra poderá demandar ó contratista a emisión dun comunicado especial (diario, semanal ou coa periodicidade que se estableza) co contido que se determine.

8.13.2 O comunicado mensual recibírase antes do día 10 do mes seguinte; os comunicados especiais recibíranse no prazo que se especifique. A falta de información ou atraso na súa tramitación serán causa de penalización.

8.13.3 Así mesmo, será obriga do contratista deixar constancia formal dos datos básicos da forma do terreo que obrigatoriamente deberá tomar antes do inicio das obras así como a

definición daquelas actividades ou partes da obra que teñan que quedar ocultas. Isto último, ademais, deberá ser debidamente comprobado e avalado pola Dirección da Obra, previamente á súa ocultación.

8.13.4 SPI Galicia, S.A. non se fai responsable de actividades ou obras elementais para as que non existise comprobación formal da obra oculta e, en todo caso, reserva para si o dereito de que calquera gasto que comporte a comprobación de estar executadas estas obras, sexa por conta do contratista. Para os efectos de evitar a comprobación, o contratista, comunicará con suficiente antelación á dirección de obra a realización deste tipo de traballos.

8.14 Penalidades Derivadas dos Incumprimentos

Sen prexuízo de aplicar cando sexa procedente a facultade resolutoria que concede o presente contrato a SPI Galicia, S.A., esta terá dereito a aplicar e percibir penalizacións polas seguintes causas:

- ➔ Defecto de calidade da obra executada.
- ➔ Deficiencia e/ou atrasos na información.
- ➔ Incumprimento parcial ou global dos prazos por causas imputables ó contratista.
- ➔ Incumprimento de ordes da dirección de obra.

8.14.1 Penalización por Defecto de Calidade da Obra Executada.

Os defectos de calidade na obra realizada, por falta de cumprimento do proxecto ou das instrucións emitidas pola Dirección da Obra, darán lugar á súa demolición. Excepcionalmente, de poderse aceptar, darán lugar a rebaixas porcentuais de ata o cincuenta (50) por cento de cada unidade de obra parcialmente mal executada.

8.14.2 Penalizacións por deficiencias e/ou atrasos na información.

No caso de que por deficiencias ou atrasos na información, fose necesaria a realización de traballos suplementarios, segundo criterios da dirección de obra, o maior custo irá por conta do contratista.

8.14.3 Penalización por falta de cumprimento do prazo total.

En caso de exceder en máis de quince días (15) o prazo contractual para a completa execución da obra (detallada na cláusula 3), o contratista será obxecto de penalización consistente na deducción do $2(t-2)\%$ (dous elevado a “te menos dous”) por cento do importe de contratación da obra, onde “t” representa o atraso no prazo total e expresarase en semanas; a fracción de semana considerarase semana completa para estes efectos. Esta penalización por mora terá como límite cuantitativo o 20% do prezo final da obra.

En caso de forza maior ou causas imputables a SPI Galicia, S.A., confeccionarase un novo programa de traballos que deberá aprobar SPI Galicia, S.A.

8.14.4 Penalizacións por incumprimento dos prazos parciais.

De acordo co programa de traballos haberá unha penalización por incumprimento dos prazos parciais cada trimestre natural. Mediranse como prazos parciais as cantidades que segundo o programa de traballos vixente se tivesen que certificar.

Esta penalización consistirá nunha retención dun 10% da diferenza entre o importe acumulado en orixe que se tivese que certificar segundo o programa de traballos vixente no momento de practicar a penalización e o importe real certificado. Esta penalización deducirase do importe da certificación do mes no que se calculou.

Calcularanse ó fin de cada trimestre natural, actualizándose segundo a evolución da obra, incrementando o importe retido ou ben diminuíndoo. A cantidade resultante ó final da obra aplicarase ó cálculo da penalización por incumprimento do prazo total.

8.14.5 Penalizacións por incumprimento de ordes da dirección de obra.

No caso de que o delegado de obra incumpra as ordes da dirección de obra, de maneira que a propia Dirección da Obra considere que se prexudica gravemente o correcto desenvolvemento das obras, a Dirección da Obra poderá propoñer a SPI Galicia, S.A. unha penalización económica cada vez que se producise un incumprimento deste tipo. Recibida a proposta de penalización, SPI Galicia, S.A. comunicarllo ó contratista para que emende o incumprimento de forma inmediata. De non producirse a oportuna

emenda, SPI Galicia, S.A. poderá aplicar a penalización ata unha contía máxima, por cada penalización, de seis mil (6.000) euros, que se fará efectiva na certificación mensual do mes en curso.

A aplicación de tres penalizacións deste tipo comportará a obriga do contratista de substituír o delegado de obra.

8.15 Subcontratación e Cesión do Contrato

8.15.1 O contratista poderá subcontratar parcialmente as obras obxecto do presente contrato con terceiros, previa autorización de SPI Galicia, S.A.

O contratista seguirá sendo o exclusivo responsable fronte a SPI Galicia, S.A. do total cumprimento do contrato. SPI Galicia, S.A. quedará sempre allea e á marxe das relacións entre o contratista e o subcontratista, non sendo responsable en ningún caso polas consecuencias derivadas do contrato que celebre este co segundo; e continuará polo tanto relacionándose exclusivamente co contratista para tódolos efectos.

8.15.2 O contratista deberá informar, por escrito, a SPI Galicia, S.A. de tódolos subcontratos que celebre con terceiros, detallando as partes do contrato que realizará o subcontratista. Ó dito escrito xuntará unha declaración do subcontratista, dando fe de que non está incurso en suspensión de clasificación ou nas prohibicións de contratar establecidas no art49 LCSP. Ademais do anterior, xuntaranse as certificacións administrativas, expedidas por organismo competente, acreditando que a empresa non deixou de cumprir as obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes da LCSP.

8.15.3 En calquera caso, os subcontratistas quedarán obrigados tan só ante o contratista que asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte a SPI Galicia, S.A. de acordo con este contrato.

8.15.4 En ningún caso poderá o contratista ceder os dereitos e obrigas referentes á execución da obra, derivados deste contrato, salvo autorización expresa desta Sociedade. Esta



prohibición non inclúe a cesión dos dereitos económicos que se deriven da contraprestación acordada.

8.16 Risco da Obra

8.16.1 A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista; en consecuencia, as obras executaranse en canto ó seu custo, prazos de execución e arte de construción, a risco e ventura do contratista, incluso nos denominados supostos de forza maior.

8.16.2 A soa presentación de oferta implica a declaración por parte do contratista de ter cumprido coa súa obriga de recoñecer tódolos lugares nos que se van executar obras e ter coñecemento das condicións destes, incluídos os préstamos e vertidos, de ter estudado detidamente os documentos do proxecto base do concurso, que considera suficientes tanto para responsabilizarse da súa oferta como para o posterior desenvolvemento dos traballos e, en consecuencia, que se responsabiliza da execución da obra ata a súa entrega en perfectas condicións de uso e na forma e condicións convidadas.

8.16.3 Será obriga do contratista realizar as obras de maneira que se procure evitar calquera dano e perda ós bens públicos e privados, sendo pola súa conta, en todo caso, as indemnizacións ás que dea lugar e que se deriven da execución das obras liberando a SPI Galicia, S.A. de toda responsabilidade ou reclamación que lle fose esixida ó respecto.

Será responsable, entre outros, dos danos e perdas sufridos polos bens situados baixo as pontes e augas abaixo, e os noiros das obras, en tódolos casos en que estes danos e perdas deban ser indemnizados.

8.16.4 O contratista non soamente responderá dos actos propios, senón tamén dos subcontratistas, se é o caso, dos do persoal que lle preste servizos e dos das demais persoas polas que teña que responder, de acordo coa lexislación vixente e con este contrato.



8.16.5 O contratista responderá igualmente de tódolos danos causados á obra por terceiros, antes da súa recepción.

O contratista responderá así mesmo, dos danos e perdas causados a terceiros, que lle sexan imputables.

Se descoidase a policía da obra ou a reparación dos danos causados, SPI Galicia, S.A. poderá tomar, por conta do contratista, as medidas necesarias para evitar ou reparar tales danos por falta de vixiancia.

8.16.6 O contratista será responsable de cantos prexuízos se deriven das perturbacións que se causen ás comunicacións, rede viaria de todo tipo e servizos de calquera clase, tendo que ter previstos os medios precisos de investigación previa dos que puidesen quedar afectados, co fin de limitar a afectación ó indispensable e proxectar a oportuna substitución, se é o caso.

8.16.7 Se a obra se arruína total ou parcialmente con posterioridade ó prazo de expiración da garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento contractual por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas durante o prazo de quince (15) anos a partir da recepción. Transcorrido este prazo sen que se puxese de manifesto ningún dano nin perda, a responsabilidade do contratista quedará extinguida.

8.17 Seguro Vixente Durante as Obras

O contratista deberá subscribir un seguro da modalidade “todo risco construción” que cumpra satisfactoriamente os requisitos que se determinan no anexo núm. 4. Na póliza do seguro figurará como beneficiaria SPI Galicia, S.A.

SPI Galicia, S.A. deberá aprobar os termos concretos do seguro e a elección da compañía aseguradora. O seguro deberá estar vixente ata a recepción da obra e durante o prazo de garantía ata a aprobación da acta de certificado da fin do período de garantía e deberá presentarse á aprobación de SPI Galicia, S.A. antes dos quince días (15) seguintes á sinatura deste contrato e deberá contratarse antes dos vinte (20) días seguintes a esta sinatura.



No suposto que se incremente o importe da obra contratada, deberase incrementar tamén o importe da obra asegurada.

En caso de incumprimento de calquera destes termos, o contratista será plena e integramente responsable dos riscos non asegurados, e SPI Galicia, S.A. poderá subscribir directamente o oportuno contrato de seguro e repercutir a prima ou primas correspondentes ó contratista e está facultada para deducir das primeiras certificacións de obras a factura ou facturas que xere esta repercusión.

8.18 Obrigas Fiscais, Laborais e Sindicais

8.18.1 O contratista e os subcontratistas, se é o caso, deberán cumprir e estar ó día en todo momento nas obrigas que como empresa lle corresponden en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde do traballo e sindical; sendo estricta e rigorosamente responsable con carácter exclusivo e con total indemnidade de SPI Galicia, S.A. do cumprimento de calquera de tales obrigas.

8.18.2 Para os efectos de control por parte de SPI Galicia, S.A., sen que iso implique non obstante ningunha obriga por esta última, o contratista deberá acreditar sempre que lle sexa requirido por SPI Galicia, S.A. ter cumpridas tódalas obrigas citadas no apartado anterior, poñendo a disposición de SPI Galicia, S.A., en todo momento, os documentos e comprobantes que fan referencia a tales obrigas.

8.18.3 Serán por conta exclusiva do contratista tódolos gastos e impostos que se orixinen por razón da constitución de fianzas resultantes deste e, se é o caso, os que causen pola subcontratación das obras obxecto daquel e das súas revisións.

Os procedementos arbitrais ou xudiciais a que se recorre, con inclusión dos gastos e dereitos de procurador e honorarios de árbitros e letrados, aínda que a intervención dalgún deles non fose preceptiva, distribuiranse no seu custo segundo o que determine o laudo arbitral ou o pronunciamento xudicial.

8.18.4 O contratista deberá cumprir e facer cumprir durante a realización dos traballos as disposicións legais sobre prevención de riscos laborais.

Comunicará a presentación e aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo e entregará as actas das reunións de seguridade e saúde á Dirección de Obra.

SPI Galicia, S.A. poderá, en todo momento, promover e asistir ás reunións dos comités de seguridade e saúde no traballo, facendo as recomendacións que crea apropiadas para a debida seguridade e salubridade dos traballadores na obra.

8.18.5 O contratista será responsable dos accidentes que lle poidan suceder a todo o persoal da obra ou a terceiras persoas como consecuencia da realización dos traballos encomendados.

8.18.6 SPI Galicia, S.A. reserva para si o dereito de autoridade polo que se refire á observancia por parte do contratista das medidas de seguridade contidas nas disposicións legais de aplicación, todo iso sen prexuízo da interposición dos recursos correspondentes.

8.18.7 O contratista responsabilízase plenamente de calquera infracción ós regulamentos de seguridade na que se poida incorrer durante a realización dos traballos contratados.

8.19 Permisos e Licencias

Coa antelación necesaria para que non se deriven dificultades polo cumprimento do programa de traballos, o contratista deberá solicitar dos organismos, administracións e empresas que corresponda as autorizacións, permisos e licencias que requirise a execución da obra e a ocupación, mantemento ou reposición de vías de comunicación, servizos afectados ou calquera outra actuación que comporte a execución da obra.

SPI Galicia, S.A. poderá adiantar a solicitude de autorizacións, permisos e licencias, especialmente os que se refiren a vías de comunicación, servizos afectados ou outras actuacións, coa finalidade de acelerar a súa concesión. Neste caso, facilitaralle ó contratista toda a información e documentación referente ás citadas solicitudes, así que se asinase o contrato de



adxudicación da obra, facéndose cargo o contratista, se é o caso, do seguimento dos trámites necesarios para a obtención das autorizacións, permisos e licencias e, en todo caso, dos gastos que estes comporten na súa totalidade.

A obtención das citadas autorizacións, permisos e licencias non será nunca motivo de incremento do prazo nin do prezo contractual.

8.20 Inspección das Obras

Con independencia da facultade de facelo SPI Galicia, S.A., a Xunta de Galicia, mediante a Consellería mandante da obra, e calquera outro organismo da Administración que teña competencia, poderán inspeccionar, en todo momento, as obras obxecto do presente contrato.

8.21 Publicacións e Reportaxes sobre a Execución das Obras

O contratista non poderá sen previa autorización de SPI Galicia, S.A. publicar noticias, debuxos nin fotografías das obras nin autorizar estas actuacións, se non polo contrario deberá impedir a terceiros a súa publicación.

SPI Galicia, S.A. reserva para si o dereito de facer, editar e proxectar, e en calquera forma explotar, directamente ou mediante acordos con terceiros, cantas reportaxes fotográficas, cinematográficas e de todo tipo crea oportuno, das obras que execute o contratista.

8.22 Aproveitamentos de Material, Mananciais e Obxectos Atopados Durante a Execución das Obras

8.22.1 O contratista non gozará de ningún dereito sobre as augas que nacesen como consecuencia das obras, se ben, poderá servirse delas para as necesidades da obra, abandonando o resto que baixo ningún concepto poderá explotar separadamente, por ser bens de dominio público.

8.22.2 Tampouco poderá o contratista esixir o dereito de explotación das minas ou materiais que como consecuencia das obras aparecen.

Non obstante, poderá o contratista servirse daqueles minerais ou rochas, de acordo coa nomenclatura da Lei de Minas, que directamente satisfagan as necesidades da construción da obra, sempre que se atopen en terreos de dominio público.

8.22.3 O contratista terá a obriga de tomar, para extraer as antigüidades e obxectos de arte que puidesen atoparse, tódalas precaucións que procedan, mantendo o seu dereito a ser indemnizado polo exceso de gastos que estes traballos lle ocasionen e/ou á correspondente ampliación do prazo de execución da obra, se é o caso. Todo isto sen prexuízo de cumprir coas disposicións legais especiais vixentes sobre estes traballos.

8.22.4 O contratista non terá dereito sobre a terra vexetal extraída durante a execución das obras, que quedará en propiedade de SPI Galicia, S.A. excepto que, a xuízo da Dirección de Obra, sexa necesaria para a obra.

8.23 Valoración das Obras

8.23.1 A Dirección de Obra preparará mensualmente unha relación valorada na que consten as medicións parciais e en orixe do traballo realizado en función de todas e cada unha das actividades e unidades de obra.

A valoración das obras realizarase aplicando ás unidades de obra executadas os prezos unitarios (afectados polo coeficiente de adxudicación). O produto resultante será incrementado polas porcentaxes establecidas no presuposto do proxecto en concepto de gastos xerais e de beneficio industrial.

As actividades ou obras elementais non acabadas poderán ser valoradas tamén pola Dirección de Obra que aplicará, baixo a súa responsabilidade, o criterio que para cada caso coide máis adecuado.

SPI Galicia, S.A. emitirá a certificación mensual a partir da relación valorada confeccionada pola Dirección de Obra, que terá o carácter de aboamento a conta.

8.23.2 A valoración de obras engadidas ou detraídas e de modificacións realizarase aplicando ás unidades de obra executada, os prezos unitarios que por tales obras figuren.

8.23.3 Non será obxecto de valoración calquera aumento de obra sobre o previsto nos planos e prego de condicións debido á forma e condicións da execución por parte do contratista. Así mesmo, se o contratista executase obras de dimensións máis grandes das previstas no proxecto, ou executase, sen previa autorización, obras non previstas no proxecto (con independencia da facultade da Dirección de Obra de poder optar entre obrigarlle a efectuar as correccións que procedan ou admitir o construído tal como quedase executado) non terá dereito a que se lle aboe ningunha cantidade polos excesos que por tales motivos resultasen executados.

8.23.4 Cando por causa de modificacións, suspensión, resolución ou rescisión, o contratista executase de forma incompleta obras incluídas no contrato, e dentro dos programas de traballos establecidos, será de aboamento a parte executada, tomando como base única para a valoración das obras elementais incompletas, os prezos que figuren no cadro de prezos.

8.24 Recepción, Medición Final, Liquidación e Extinción do Contrato

8.24.1 Polo menos trinta días antes da completa finalización das obras, o contratista informará a SPI Galicia, S.A. da data concreta da súa finalización, interesándose para que se leve a cabo a recepción desta.

Entenderase que se pode facer a recepción da obra, se están completamente rematados tódolos traballos encomendados ó contratista como consecuencia do presente contrato, e de conformidade co que nel se especifica.

SPI Galicia, S.A. fixará a data de inspección conxunta das obras, previa á súa recepción, dentro dos dous meses posteriores ó seu remate, e designará a persoa ou persoas que, no seu nome, efectuarán a inspección á que por parte do contratista deberán asistir representantes con plenos poderes. No caso de que SPI Galicia, S.A. considerase que non procede esta recepción, especificarao en forma razoada e o contratista, a teor desta comunicación, deberá continuar as obras ata o seu remate.

Da inspección conxunta das obras levantarase a correspondente acta.

Para a recepción serán considerados tamén os datos e informes establecidos durante a execución da obra, as probas efectuadas pola Dirección de Obra e a inspección directa das obras executadas.

8.24.2 Cando como resultado da citada inspección conxunta das obras e dos datos e informes complementarios desta, SPI Galicia, S.A. establece que as obras non se encontran en bo estado ou non foron realizadas conforme as condicións contractuais e as ordes recibidas pola Dirección da Obra e que consten no Libro de Ordes, levantarase acta igualmente na que se farán constar cantas deficiencias se apreciasen, e SPI Galicia, S.A. sinalará ó contratista un prazo para rematalas citando os defectos observados, dándolle as instrucións necesarias e detalladas para o efecto, así como o prazo máximo para a súa execución.

Se pasado o prazo sinalado e recoñecidas as obras de novo, non se encontrasen conformes, SPI Galicia, S.A. procederá á finalización e reparación na forma que considere oportuno, por conta e risco do contratista. Neste suposto, e para os efectos das responsabilidades do contratista por incumprimento do prazo, e cantos outros sexan procedentes, considerarase como data de conclusión das obras a que resulte de engadirle ó día en que SPI Galicia, S.A. se faga cargo das obras para a súa debida finalización, un prazo igual ó que de acordo co parágrafo anterior, se lle concedese ó contratista para reparar os defectos observados.

8.24.3 Efectuada a recepción das obras procederase seguidamente á determinación da medición final e do valor da obra e á súa valoración conforme as condicións económicas e de pagamento previstas no contrato, nun prazo máximo de seis meses.

8.24.4 Do citado valor final darase traslado ó contratista por un prazo de quince días co fin de que poida examinalo e devolve-lo coa súa conformidade ou coas observación que coide oportunas.

Se, expirado o prazo de quince días, o contratista non formulase ningunha observación consideraráselle conforme establecéndose a correspondente valoración final de acordo co valor determinado.

Se o contratista fixera algunha observación, SPI Galicia, S.A. determinará se é atendible total ou parcialmente para o establecemento da liquidación, sen prexuízo do dereito do contratista a someter a determinación tomada á arbitrase prevista neste prego para a resolución de conflitos.

8.24.5 Expirado o tempo de garantía procederase, no prazo máximo dun mes, á certificación da fin do período de garantía das obras coas mesmas formalidades sinaladas para a recepción destas e, se se encontran as obras en perfecto estado, darase por finalizado o período de garantía.

8.24.6 Rematado o período de garantía farase unha eventual liquidación complementaria polo valor dos gastos xerados pola explotación da obra en que puidese incorrer o contratista, imputables a SPI Galicia, S.A. máis o axuste definitivo do importe correspondente ás revisións de prezos, por aplicación dos índices definitivos e que non estivesen establecidos no momento da recepción e liquidación da obra.

8.24.7 Á recepción da obra e inspección previa asistirá un representante da Consellería da Xunta de Galicia mandante da obra e tamén poderá asistir a Intervención Delegada da Consellería, toda vez que a recepción das obras se entenderá realizada por conta da Xunta de Galicia, sendo esta institución a que adquire orixinariamente as obras executadas.

8.24.8 Sempre que, por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente, a Dirección de Obra acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento legal do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan.

8.25 Aboamento das Certificacións

8.25.1 SPI Galicia, S.A. expedirá a certificación do mes con data do último día deste e dentro dos quince días naturais do mes seguinte, a partir da relación valorada establecida. Se o contratista non estivese conforme presentará as súas reclamacións nun prazo máximo de catro días hábiles dende a data en que se lle comunique a certificación elaborada por SPI Galicia, S.A. Nun prazo máximo de oito (8) días hábiles contados dende a data de presentación das reclamación por parte do contratista, SPI Galicia, S.A. deberá contestar as reclamacións que se formulasen.

8.25.2 Antes do día 10 do mes seguinte ó da certificación das obras o contratista enviará a SPI Galicia, S.A. a correspondente factura que irá dirixida a: "XUNTA DE GALICIA, N.I.F.: S1511001H" na súa condición de mandante.

8.25.3 O aboamento das facturas terá lugar o primeiro día de pagamento de SPI Galicia, S.A., despois de transcorridos 30 días dende a data de expedición da factura e unha vez aboado polo contratista o importe correspondente ó 6% ó que se fai mención no parágrafo 4.1.3 b deste Prego.

8.25.4 Para a cesión ou endoso de calquera certificación cumprirá a previa conformidade de SPI Galicia, S.A.

8.26 Suspensión Total ou Parcial dos Traballos

8.26.1 SPI Galicia, S.A. poderá ordenar en calquera momento a suspensión dunha determinada parte ou do conxunto dos traballos, efectuándose o correspondente reaxuste do programa.

No caso de suspensión dos traballos, por causa non imputable ó contratista, estableceranse de forma contradictoria os posibles prexuízos económicos derivados da dita suspensión, excepto no caso que se poida establecer un novo programa de traballos no que o camiño crítico non incremente o prazo total das obras en máis de 30 días, caso

no que o contratista non poderá reclamar ningún tipo de extracusto ou compensación económica.

En calquera caso, a suspensión dará lugar ó establecemento dun novo programa de traballos, con recoñecemento dos atrasos producidos e aumento do prazo total de execución da obra, se estes afectan o camiño crítico das obras.

8.26.2 Se por culpa ou negligencia de SPI Galicia, S.A. se demorase a comprobación do replanteo dando lugar a resolución de contrato, o contratista só terá dereito a unha indemnización equivalente ó 2% do prezo da adxudicación.

No suposto de suspensión da iniciación das obras por parte de SPI Galicia, S.A. por tempo superior a seis (6) meses, o contratista terá dereito a percibir por tódolos conceptos unha indemnización do 3% do prezo de adxudicación.

No caso de desestimento ou suspensión das obras iniciadas por prazo superior a oito (8) meses, o contratista terá dereito o 6% do prezo das obras deixadas de realizar, en concepto de beneficio industrial, entendéndose por obras deixadas de realizar as que resulten da diferenza entre as reflectidas no contrato primitivo e as súas modificacións e as que ata a data da notificación da suspensión se tivesen executadas.

8.27 Obrigas do Contratista Durante o Prazo de Garantía

Durante o prazo de garantía o contratista será responsable de executar na obra toda clase de correccións e reparacións que SPI Galicia, S.A. considere necesarias para que estas obras cumpran totalmente no momento do certificado da fin do período de garantía as condicións do proxecto de execución. Será ademais responsable da conservación das obras e instalacións, excepto no referente á explotación normal da obra.

O contratista poderá dispoñer dunha organización específica para levar a cabo os citados traballos nas condicións indicadas, ou ben encargarllos, se xa estivesen en funcionamento, ós servizos ordinarios de SPI Galicia, S.A. No primeiro suposto, se o contratista non cumpriese os prazos e condicións sinaladas para a conservación e funcionamento, SPI Galicia, S.A., logo de



comunicación por escrito ó contratista, poderán encargar directamente estes traballos ós seus servizos de conservación ou a outras empresas.

En calquera caso, a responsabilidade e o importe dos traballos executados, sexa polo contratista, sexa polos servizos ordinarios de conservación ou por outra empresa, serán sempre por conta do contratista coa única excepción do importe dos materiais consumidos para a explotación, tales como os carburantes e das reparacións que tivesen que realizarse como consecuencia de danos causados por terceiros, sempre que poida acreditarse debidamente a causa de tales danos.

8.28 Resolución e Rescisión

8.28.1 Serán causa de resolución do contrato:

- A disolución ou extinción da sociedade adxudicataria, calquera que sexa a causa de tales supostos.
- O incumprimento, por causas imputables ó contratista, do prazo total de execución das obras, sempre que a demora excedese de 1/6 do prazo de execución contractual da obra, ou o incumprimento dos prazos parciais, cando nos sucesivos reaxustes do programa se evidencie a imposibilidade de rematar a obra dentro do prazo total sinalado anteriormente.
- Graves deficiencias no cumprimento das prescricións técnicas e condicións facultativas que rexen a execución das obras. Cualificaranse como deficiencias graves todas aquelas que puidesen repercutir desfavorablemente na duración das obras.
- A morte do contratista individual.
- A disolución ou extinción de SPI Galicia, S.A., calquera que sexa a causa en tales supostos.
- A suspensión das obras de acordo co establecido no apartado 8.26.2 deste Prego.

8.28.2 A concorrencia de calquera das causas sinaladas na cláusula anterior terá efectos inmediatos dende a súa comunicación por unha das partes, sen prexuízo das accións, reclamación ou recursos dos que se crea asistida a outra parte.

8.28.3A resolución do contrato por calquera das causas mencionadas na cláusula 8.26.1 producirá os seguintes efectos:

Procederase a unha liquidación sumaria das obras realizadas e será satisfeito ó contratista o traballo realizado pendente de certificar que se considere proveitable, independentemente das rebaixas porcentuais a que dea lugar a aplicación da cláusula 8.14.5 deste Prego e das condicións de pagamento acordadas. Decidida a rescisión por SPI Galicia, S.A., comunicarase por escrito ó contratista que estará obrigado a abandonar a obra nun prazo non superior a un mes, sen que nin a existencia de cuestións económicas por resolver nin a falta de liquidación da obra poidan ser alegadas para non abandonala neste prazo, dende este momento SPI Galicia, S.A. poderá continuar as obras inmediatamente polo procedemento que coide máis conveniente.

Para tal fin ademais do dereito a dispoñer das instalacións e obras auxiliares instaladas polo contratista con obriga de entrega por este, e en todo caso, facultando a SPI Galicia, S.A. para tomar por si mesma posesión de todo isto, sempre que -en todo ou en parte- lle conveña para a continuación das obras, dispoñibilidade que a libre decisión de SPI Galicia, S.A. formalizarse a título de adquisición ou de arrendamento con facultade para subarrendalo ou depositalo en mans da constructora que continúe as obras, nun e noutro caso con valoración contradictoria, e recorrendo, a falta de acordo entre as partes, ó procedemento arbitral previsto neste contrato en defensa dos seus dereitos e con igual vixencia e validez provisional do prezo e outras condicións determinadas por SPI Galicia, S.A. en canto non se resolven definitivamente as discrepancias.

SPI Galicia, S.A. fará efectivos con cargo á fianza, ata onde esta alcance, os danos e perdas que se lle causasen e sexan imputables ó contratista, notificándolle a este a pertinente relación e liquidación de tales danos e perdas sen detrimento do dereito de SPI Galicia, S.A. a reclamarlle ó contratista o exceso que eventualmente non quede cuberto polo importe desta fianza, sen prexuízo do dereito do contratista a exercer as

accións, reclamacións e recursos que coide que o asisten contra a liquidación comunicada por SPI Galicia, S.A.

A resolución polo contratista por calquera das causas mencionadas na cláusula 8.26.1 será comunicada por escrito a SPI Galicia, S.A. O contratista quedará obrigado a abandonar a obra nun prazo non superior a un mes; SPI Galicia, S.A. non poderá tomar posesión das obras mentres non liquidase e aboase ou debidamente garantise mediante aval bancario os dereitos que asisten ó contratista. A liquidación das obras realizarase conforme o que se dispón na cláusula 8.24 No caso de desacordo na valoración da liquidación aplicarase o disposto na cláusula 8.29.

SPI Galicia, S.A. deberá devolverlle ó contratista a fianza dentro do prazo máximo de trinta días dende a data de rescisión, excepto que existan causas contractuais xustificadas para denegar esta devolución.

8.28.4 SPI Galicia, S.A. poderá, en calquera momento, rescindir o contrato pola súa libre determinación, mediante o aboamento ó contratista do importe da obra executada e dos materiais amoreados, o valor residual das instalacións que queden na obra e ademais unha indemnización calculada no 10% do valor ofertado que resulte pola obra pendente de execución no momento de declarar a rescisión.

Así mesmo, neste suposto de rescisión unilateral do contrato por parte de SPI Galicia, S.A. deberá devolvérselle ó contratista a fianza no prazo máximo de trinta días dende a data de rescisión, excepto que existisen causas contractuais xustificadas para denegar esta devolución.

SPI Galicia, S.A. non poderá tomar posesión das obras mentres non liquidase e aboase ou debidamente garantise mediante aval bancario os dereitos que no caso de desestimento unilateral asisten ó contratista. No caso de non haber acordo na valoración desta liquidación, aplicarase o disposto na cláusula 8.30



8.29 Información Clasificada como Confidencial

Quedarán en propiedade da Xunta de Galicia os dereitos inherentes os traballos realizados, a súa propiedade industrial e comercial reservándose a Xunta a súa utilización, non podendo ser obxecto de comercialización, reprodución ou outro uso non autorizado pola mesma. Os traballos que constitúan obxecto de propiedade intelectual, entenderanse exclusivamente cedidos á Xunta de Galicia.

8.30 Arbitraje

Calquera cuestión, disputa ou diferenza que xurdise entre as partes, no que atinxe á execución e extinción, poderá resolverse de mutuo acordo mediante arbitraje que prevé a Lei 60/2003, de 23 de decembro, sen prexuízo da plena efectividade dos compromisos contractuais así expresados no presente documento que, a pesar diso, deberán acomodarse á decisión da arbitraje.

O laudo determinará as respectivas porcentaxes do custo do laudo arbitral e, se é o caso, probas necesarias, que pagará cada unha das partes contratantes en función do grao de racionalidade dos respectivos argumentos.

8.31 Réxime Xurídico

8.31.1 O presente concurso rexerase polo art 175 LCSP, aplicándose asemade o réxime contido nos procesos da lexislación de contratos públicos e das Directivas de contratación pública, nos casos nos que as cláusulas deste prego se remitan ós mesmos.

Tamén será de aplicación a Lei 3/2004, do 30 de xuño, de ordenación de fomento da calidade da edificación, así como o Real Decreto 314/2006, do 127 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación.

8.31.2 No que se refire á execución e extinción do contrato, queda suxeito á lexislación civil, mercantil e procesal española..

8.32 Traballos por Administración

En caso de que por algunha circunstancia atípica e extraordinaria, fose necesario realizar traballos por administración, estes en ningún caso poderán iniciarse sen aprobación por escrito, expresa e concreta de SPI Galicia, S.A. a través dos seus representantes legais.

Os traballos por administración que se encarguen orzaranse e certificaranse descompoñéndoos nas unidades de obra correspondentes.

Os documentos que xeren estes traballos por administración, deberán ser visados diariamente pola dirección de obra, e o resumo semanal por legal representante de SPI Galicia, S.A.

8.33 Actuación de SPI Galicia, S.A. por Conta da Xunta de Galicia

De acordo co carácter con que actúa SPI Galicia, S.A., en cumprimento do encargo do Goberno da Xunta de Galicia, tanto a recepción das obras como o certificado da fin do período de garantía das obras entenderanse realizadas por conta da Xunta de Galicia, sendo esta institución a que adquirise orixinariamente as obras executadas.

9 DISPOSICIÓN ADICIONAIS

No caso de que o procedemento de contratación fose declarado urxente, o comezo das obras poderase acordar aínda que non se formalizara o contrato sempre e cando se constituíra con anterioridade a correspondente fianza definitiva sinalada no Prego de Bases e neste contrato.

ANEXO Nº1
MODELO DE DECLARACIÓN

Que nin a empresa que representa nin os administradores e/ou representantes se encontran incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, Contratos do Sector Público, así como no réxime de incompatibilidades establecido na correspondente normativa galega.

Asinado: (persoa con poder bastante para facelo)

ANEXO Nº2
MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA

Don/a con residencia enrúanúmero informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación das obras“Título das obras”, comprométese en nome propio (ou da empresa que representa) a realizalas con estricta suxeición ós citados requisitos e condicións pola cantidade que se enumera de seguido, segundo a solución seguinte:

SOLUCIÓN	CANTIDADE EN LETRA	CANTIDADE EN NÚMERO
“BASE”	Sen IVE.....	Sen IVE.....
	IVE.....	IVE.....
	Total.....	Total.....

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), como unha partida independente, a tenor do disposto na lexislación vixente.

Asinado: (persoa con poder bastante para facelo)

Asinado: (persoa con poder bastante para facelo)

ANEXO Nº3
MODELO DE AVAL DEFINITIVO

A Entidade e no seu nome e representación, en calidade de e segundo as facultades resultantes da escritura de poder, outorgada perante o notario de don/a con data do, número do seu protocolo e que afirman encontrarse integramente subsistentes, constitúese avalista fiador solidario da empresa en interese e beneficio de SPI Galicia, S.A. pola suma de euros, para efectos de garantir o exacto cumprimento pola empresa antes mencionada de todas e cada unha das obrigas concretas no correspondente contrato de adxudicación das obras de construción “**Título das obras**”.

O indicado aval é prestado pola Entidade con expresa e formal renuncia dos beneficios de excusión, división, orde e calquera outro que poida ser de aplicación, e para o efecto a Entidade declara que quere obrigarse e se obrigase conxunta e solidariamente coa compañía ata a liquidación por SPI Galicia, S.A. das obras mencionadas, a pagar con carácter incondicional ó primeiro requirimento e dentro, como máximo, dos oito días seguintes a ser requirido, a suma ou sumas que, ata a concorrencia da cantidade afianzada de euros se expresa no requirimento, renunciando a Entidade expresa e solemnemente, a toda excepción ou reserva en canto ó libramento das cantidades que lle fosen reclamadas, calquera que fose a causa ou motivo en que estas puidesen fundamentarse, e aínda que se manifeste oposición ou reclamación por parte de ou de terceiros, quenquera que fose.

Nota: O aval debe ser bastanteadado segundo establecido no Regulamento da L.C.A.P.



ANEXO Nº4

REQUISITOS FUNDAMENTAIS DO CONTRATO DE SEGUROS

1. O seguro deberá ser do tipo “todo risco construción” e contratado especialmente para cubri-los riscos de obra adxudicada.
2. Ademais do contratista deberán estar amparados baixo as garantías da póliza os subcontratistas que puidesen actuar na obra.
3. Figurarán como beneficiario do seguro a Xunta de Galicia e SPI Galicia, S.A.
4. As garantías e cantidades aseguradas cubrirán o valor de adxudicación da obra.
5. Os riscos cubertos incluírán o seguro de bens e o seguro de responsabilidade civil extracontractual.
6. O seguro de bens cubrirá a indemnización por danos e perdas materiais ocorridos a:
 - a) traballos de obra civil e instalacións (custo de material e de man de obra) realizados e en curso de realización, incluídos aprovisionamentos.
 - b) equipos de construción.
 - c) maquinaria de construción.
 - d) efectos persoais de empregados e traballadores.
 - e) outras propiedades do seguro.
 - f) gastos de desentullamento.
 - g) gastos polas medidas necesarias adoptadas para reducir ou extinguir o sinistro.
7. O adxudicatario deberá ter contratada unha póliza de Responsabilidade Civil co obxecto de cubrir os danos materiais e/ou corporais e os seus prexuízos económicos ocasionados a terceiros, onde figuren coma asegurados o Promotor, contratistas, subcontratistas e demais intervincentes na obra.
 - a) A título enunciativo, pero non limitativo, debe ser obxecto de cobertura a responsabilidade civil xeral da actividade obxecto deste contrato, responsabilidade civil patronal, preexistentes, post-traballo (mínimo 24 meses), cruzada, subsidiaria, defensa e fianzas, etc.
 - b) O límite xeral non será inferior a 600.000 euros, cun sublímite xeral por vítima en patronal e cruzada non inferior a 300.000 euros.
 - c) Deberá acreditarse a vixencia deste contrato de seguro mediante a presentación da póliza ou no seu defecto, dun certificado acreditativo emitido pola Compañía Aseguradora. O seguro deberá estar vixente durante toda a duración da obra.
8. O seguro quedará prorrogado durante o período establecido de mantemento e/ou conservación, coas limitacións de aplicación comúns a estas prórrogas.
9. Admitiranse as exclusións de riscos e franquicias normalmente aceptadas polos usos mercantís neste tipo de seguros.